

OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

III. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

III.1. EIXES E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS ORZAMENTOS 2011

A distribución orzamentaria do Plan estratéxico de Galicia 2010-2014 para a anualidade 2011, ascende a 9.102,8 Millóns de euros, importe non coincidente coa cifra do total de gastos debido a que non se consideran gastos deste carácter os xerados pola débeda pública en concepto de amortizacións e xuros (Programa de gasto 911A). Como pode apreciarse na gráfica e táboa adxunta, o Eixe I Cohesión social, benestar e calidade de vida, presenta un claro predominio, cunha consignación de 6.534,3 millóns de €, que supera amplamente a metade do total de gastos consignados, cunha porcentaxe do 71,8%, nos que se inclúen os gastos de persoal para a prestación dos servizos da sanidade pública e do ensino galegos.


A dinamización económica e o impulso do crecemento e do emprego en Galicia, presenta unha gran relevancia nos orzamentos de 2011, xa que alcanzan os 1.458,5 millóns de €, que representa o 16% dos gastos.

A economía do coñecemento absorberá en 2011 un total de 293,7 millóns de €, que significa un investimento intanxible ou inmaterial do 3,2% do total.

Nun 5,2% quedan os recursos destinados ao eixe 4 de Sostibilidade medioambiental e equilibrio territorial, cunha cifra total de 475,1 millóns de €.

O Eixe 5 de Administración auster, eficiente e cercana ao cidadán alcanza os 341,1 millóns de € o que representa case un 3,7% do total dos gastos.

TÁBOA 1 DISTRIBUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS 2011 POR EIXES E OBOECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PEG 2010-2014		Importe	% / Total	% / Eixo
Total		9.102.841.327	100,0 %	
E1:Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		6.534.348.981	71,8 %	100,0 %
OE01/1	Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral.	32.682.616	0,4 %	0,5 %
OE02/2	Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas.	3.545.214.427	38,9 %	54,3 %
OE03/3	Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe.	2.312.125.991	25,4 %	35,4 %
OE04/4	Atención ao benestar social.	356.076.405	3,9 %	5,4 %
OE05/5	Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais.	288.249.542	3,2 %	4,4 %
E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.		1.458.530.326	16,0 %	100,0 %
OE01/6	Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial.	330.681.945	3,6 %	22,7 %
OE02/7	Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas.	103.946.464	1,1 %	7,1 %
OE03/8	Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial.	669.425.576	7,4 %	45,9 %
OE04/9	Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.	354.476.341	3,9 %	24,3 %
E3:Economía do Coñecemento.		293.747.064	3,2 %	100,0 %
OE01/10	Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento.	120.552.388	1,3 %	41,0 %
OE02/11	Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos.	173.194.676	1,9 %	59,0 %
E4:Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.		475.126.061	5,2 %	100,0 %
OE01/12	Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida.	191.886.980	2,1 %	40,4 %
OE02/13	Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única.	263.727.930	2,9 %	55,5 %
OE03/14	Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.	19.511.151	0,2 %	4,1 %
E5:Administración auster, eficiente e cercana ao cidadán.		341.088.895	3,7 %	100,0 %
OE01/15	Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación.	177.394.438	1,9 %	52,0 %
OE02/16	Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia.	163.694.457	1,8 %	48,0 %




III.2. PRINCIPAIS ACTUACIÓNS POR EIXES E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

III.2.1. Eixe E1 - Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida

Como pode apreciarse na gráfica adxunta neste eixe as consignacións destinadas á mellora e mantemento dos servizos públicos da sanidade e do ensino absorben claramente a maioría de recursos neste eixe.

E2 Dinamización económica, Crecemento e Emprego.



Obxectivo estratéxico OE01 - Criterio 1 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto:

312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	31.679.931
312G APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL	1.002.685

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: Secretaría Xeral de Familia e Benestar, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, e a Secretaria Xeral de Igualdade dependente da Presidencia da Xunta

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son.

M01/1 Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico	2.700.000
M02/2 Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade	28.979.931
M03/3 Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres	1.002.685

Para o logro do obxectivo estratéxico as actividades articularanse a tenor dos Plans: Novo plan da apoio ás familias galegas, e Plan de actuación social 2010-2013, e levaranse a cabo actuacións para:

Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico, a través de Axuda complementaria á dedución fiscal por fillos/as menores de 3 anos.

Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade, mellorando as condicións das familias traballadoras a través da ampliación da rede de escolas infantís a través de diversos , entre os que destacan: os proxectos de Escolas infantís do PLAN EDUCA3, e diversos investimentos en infraestruturas sociais en centros de atención á primeira infancia, entre os que se prevén a construción de 10 garderías infantís e a creación de 1.300 novas prazas.

As actuacións destinadas a impulsar e favorecer a **conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal**, atenden a :

Facilitar o acceso aos servizos de coidado e atención de menores e persoas dependentes,

Fomento da harmonización das responsabilidades familiares e laborais,

Medidas de conciliación e corresponsabilidade .

Estímase que en 2011 6.100 familias beneficiaranse destas medidas, e 500 Mulleres serán beneficiarias de servizos de coidado e atención de nenos, contribuíndo tamén así a facilitar a incorporación das mulleres ao mercado laboral; cóntase ademais que haberá 100 empresas participantes nestas medidas.

Parte destas actuacións están financiadas polo Fondo social europeo (FSE), en concreto a través do eixe 2, fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres , e polas categorías de gasto seguintes: 69- Medidas de mellora do acceso ao emprego e de mellora da participación sostible e dos progresos da muller no emprego, e 71- Vías de integración e reintegración na vida laboral de persoas con minusvalías

Obxectivo estratéxico OE02 - Criterio 2 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Pro-

gramas de gasto:

411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	73.302.581
412A ATENCIÓN ESPECIALIZADA	2.068.847.157
412B ATENCIÓN PRIMARIA	1.286.511.637
413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	69.725.737
414A FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	46.827.315

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son as unidades administrativas da Consellería de Sanidade: Secretaría Xeral, Dirección xeral de Saúde Pública e Planificación, e Sergas.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son.

M01/5 Mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de Programas de Prevención e de Promoción de estilos de vida Saudable que permitan unha redución nas posibilidades de enfermar	20.936.449
M02/6 Mellorar a calidade, accesibilidade e seguridade da asistencia sanitaria	119.643.132
M03/7 Garantir o financiamento dos novos hospitais e reforzar a rede de infraestruturas sanitarias incluíndo o emprego de fórmulas de pago aprazado	32.165.440
M04/8 Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia	864.539.217
M99/10 Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas	2.507.930.189

Para o logro do obxectivo estratéxico as actividades articularanse a tenor do Plan de prevención, promoción e protección da saúde.

No que atinxe á **atenção primaria**, recóllense accións encamiñadas a conseguir a mellora continua do primeiro nivel de Atención Sanitaria, se ben enmarcado dentro do obxectivo de acadar unha atención integrada dos problemas de saúde dos cidadáns. Así mesmo sitúanse as actuacións relacionadas coa prestación farmacéutica.

O programa de **atenção especializada** ten unha labor de apoio á atención primaria de saúde, coa que debe estar coordinada, e desenvolvendo aquelas funcións e actividades que non poden ser exercidas polo primeiro escalón asistencial, prestando unha asistencia de calidade coa maior eficiencia posible. Comprende un conxunto de actividades sanitarias desenvolvidas nos centros e polo persoal especializado do sistema sanitario, baixo o seguinte esquema:

- 1.- Centros de Atención especializada ambulatoria, constituído por centros de especialidades adscritos á atención especializada da rede propia do Servizo Galego de Saúde.
- 2.- Centros hospitalarios xestionados e administrados polo Servizo Galego de Saúde.
- 3.- Servizos de Asistencia Especializada Concertada.
- 4.- Prestacións sanitarias complementarias con fins terapéuticos ou de rehabilitación.

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación destes programas hai que destacar:

Implantar a Historia clínica Electrónica, con acción de impulso as TIC

Implantar a Receita Electrónica para mellorar a prestación farmacoterapéutica, mellorando a rede informática dos centros

Establecer procesos especiais que garantan a espera mínima: cirúrxicas, consulta e diagnóstico.

Lograr a eficiencia e a mellora da calidade do transporte sanitario. URXENCIAS SANITARIAS 06I

Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias (Hospitais, Centros de saúde, CAR), entre eles o Novo Hospital de Lugo, reformas diversas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e no Hospital da Costa de Burela.

Dispoñer de equipamento tecnolóxico moderno, axeitado ás necesidades asistenciais.

Mellorar a xestión integral da loxística dos centros sanitarios.

Mellorar a calidade da prescrición e un bo uso dos medicamentos , xestionando de forma eficiente os recursos farmacoterapéuticos dispoñibles e racionalizando o gasto en medicamentos , mediante as seguintes actuacións:

Incrementar a prescrición de uso de medicamentos xenéricos ou de marca de menor prezo.

Fomentar a prescrición por principio activo

Promover a elaboración de guías farmacoterapéuticos dos centros sanitarios.

Impulsar modelos eficientes de compra mediante compras centralizadas.

Detección precoz de enfermidades mediante programas de cribado(Cancro de Mama; Cancro de Colon, Cribado de Xordeira).

Mellorar as tecnoloxías de información sanitaria cara a planificación, a xestión e a prestación de servizos sanitarios , a docencia e a investigación.

Actividades correspondentes ao Plano de loita contra as drogodependencias mellorando e potenciando as actuacións preventivas, mellorando e ampliando os recursos de incorporación social de drogodependentes, e reforzando a rede asistencial de drogodependencias.

Programa de **prevención, promoción e protección da saúde** con campañas de vacinación, seguridade alimentaria, e prevención e control das enfermidades transmisibles.

Parte destas actuacións están financiadas polo Fondo social europeo (FEDER), en concreto a través do eixe I, Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+d+i, sociedade da información), e polas categorías de gasto seguintes: I 3- Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia da saúde, administración pública, formación, inclusión, etc.), e polo eixe 6, Investimentos en infraestruturas sociais, categoría de gasto 76, infraestruturas en materia de saúde.

Obxectivo estratéxico OE03 - Criterio 3 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto:

151A FOMENTO DA LINGUA GALEGA	11.095.357
421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	26.252.986
422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	831.313.022
422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	331.517.602
422D EDUCACIÓN ESPECIAL	34.872.151
422E ENSINANZAS ARTÍSTICAS	26.642.720
422G ENSINANZAS ESPECIAIS	14.065.250
422H OUTRAS ENSINANZAS	615.500
422I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	2.455.836
422K ENSINANZAS PESQUEIRAS	9.024.384
422L CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	7.879.944
422M ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL	728.740.234
423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	184.253.791
423B PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	18.332.938
431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	4.537.732
432A BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS	8.615.943
432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	29.381.183
433A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL	19.774.237
441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	22.755.181

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría Xeral para o Deporte, dependente da Presidencia da Xunta, e as unidades administrativas Secretaría Xeral, Secretaría Xeral de Universidades, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da Consellería de Educación; dentro da Consellería de Cultura e Turismo, as Direccións Xerais de Patrimonio Cultural, Promoción e Difusión da Cultura, e a Axencia Galega das Industrias Culturais; na Consellería do Medido Rural, a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias, e a Secretaría Xeral, e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son.

M01/11 Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral	1.543.653
M02/12 Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade	332.154.602
M03/13 Impulso da innovación e das TIC no sistema educativo para facilitar AA aprendizaxe, transformando os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais	500.000
M04/14 Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino	3.629.132
M06/16 Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público	31.522.139
M07/17 Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade	13.801.940
M08/18 Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos	3.339.442
M10/20 Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento	19.299.495
M11/21 Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade	35.588.794
M99/23 Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	1.870.746.794

As grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2011 van ser as seguintes:

No que atinxe o **Fomento do coñecemento e do uso da lingua galega** sitúanse as actuacións do Plan de dinamización social da lingua galega. Este plan baséase nos seguintes puntos:

Promoción social da lingua, a través de campañas de normalización lingüística, e de cursos e actividades de formación

Desenvolvemento da investigación

Coordinación dos poderes públicos para a dinamización lingüística

Fomento da competencia en galego da sociedade

Proxección exterior do galego

No ámbito da **educación infantil, primaria e ESO, ensinanza secundaria e formación profesional e innovación educativa** establécense as seguintes actuacións:

Reforma de edificios dos centros educativos existentes, cando o seu estado de deterioro ou a súa inadecuación funcional así o requiran.

Mellora das dotacións e as infraestruturas do ensino público, coa construción de novos centros, entre os que se citan os seguintes: Escola Infantil de Betanzos, CEIP Virxe do Rocío en Vigo, CEIP de Oroso, CEIP Villalonga-Sanxenxo, CEIP Altamar de Vigo, e CES de Milladoiro. Por outra banda acometerase a ampliacións ou reforma integrais de CEIPs existentes, como as que se realizarán nos CEIP de Pontearreas, A Estrada, Cambre, Carballo, Pardo Bazán de A Coruña, e Allariz, o que supón un incremento de 325 novas

prazas escolares.

Tamén se levarán a cabo obras de conservación e mellora dos centros existentes e continuarase coas actuacións de renovación do sistema eléctrico e instalación de redes de datos. Especial atención prestaráselles ás necesidades construtivas de eliminación de barreiras arquitectónicas.

No contexto da Formación Profesional a Consellería de Educación aposta decididamente por un novo plan de formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida, que dea resposta ás necesidades de cualificación do sistema produtivo, poñendo en marcha todas as accións formativas que se requiran dentro dos diferentes niveis de cualificación establecidos no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

A incorporación das novas tecnoloxías, instrumentarase a través do proxecto ABA-LAR, que persegue un salto cualitativo e cuantitativo no modelo educativo galego, co fin de mellorar a súa eficiencia nun proceso de modernización, integrando as tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos educativos. Pretende o tránsito:"da aula de informática á informática na aula","dos actuais libros de texto aos libros dixitais","da aprendizaxe pasiva á aprendizaxe colaborativa, a investigación e a aprendizaxe activa e interactiva","do profesor que ensina informática ao profesor que usa a informática para ensinar".

Téndese así a que todo o alumnado ao completar a súa formación obrigatoria deberá posuír unha suficiente competencia dixital. O centro educativo dixital supera o concepto de centro educativo tradicional e persegue dispor de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa

A educación de persoas adultas ten a finalidade de ofrecer a todos os cidadáns a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Dende o ámbito educativo, débese facilitar que as persoas adultas teñan acceso universal e continuo á aprendizaxe, co obxecto de que poidan obter e renovar as cualificacións requiridas para participar de forma sostida na sociedade do coñecemento. As novas aptitudes básicas son as cualificacións en materia de TIC, idiomas, cultura tecnolóxica e habilidade para a socialización. Para conseguir estes fins estableceranse medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida, a través de axudas das que se beneficiarán 1.760 homes e mulleres, e da plataforma de aprendizaxe e-learning de persoas adultas a distancia, da que serán beneficiarios 550 homes, e 630 mulleres

Na área da ensinanza universitaria levaranse a cabo accións de apoios á igualdade e acceso á educación superior, a través de subvencións aos centros asociados da UNED, ,

Axudas de intensificación da actividade investigadora, e mellora da calidade e a competitividade da produción científica no S.U.G. Tamén habilitaranse bolsas a estudantes universitarios para aumentar e mellorar o potencial humano no ámbito da investigación.

Éxito escolar e loita contra o abandono escolar temperá. Sinálanse o desenvolvemento de medidas de orientación, reforzo e apoio, a través de proxectos de PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR, MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR, PROGRAMAS DE FOMENTO DA LECTURA. Estímase que 23.700 estudantes participarán nestas actuacións de reforzo, cunha desagregación de 11.425 mulleres e 12.275 homes, dos que como resultado a lo menos estímase que 5.895, 3.470 mulleres e 2.425 homes, permanecerán no sistema educativo.

Deporte escolar. Programas de dinamización deportiva que se levarán a cabo nos concellos, no INEF, e na Fundación Deporte Galego, a través do Plan Galego para o Fomento de Actividade Física "Galicia Saudable" 2011-04, e do Plan Dotación de equipamentos ambientais de lecer aos concellos

No eido da **formación sobre o rural**, sinálanse as accións de capacitación e extensión agroforestal, mediante a información, formación e transferencia tecnolóxica agroforestal

Apoio á **formación marítimo pesqueira**, e promoción das ensinanzas náutico pesqueiras, a través de proxectos de axudas, e apoio o Plan integral de formación marítimo pesqueira, accións que están financiadas con Fondos Europeos, e dos que se beneficiarán 100 homes, e 100 mulleres.

No que atinxe á **cultura**, no eido da conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, e dentro dos Plans de Recuperación do patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico, e do de infraestruturas culturais, arquivos, museos e bibliotecas realizaranse obras de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural galego no Parque arqueolóxico dos castros de San Cibrán e Lás (San Amaro), e conservación, protección e promoción dos Camiños de Santiago. Dentro do Plan FOMENTO E DIFUSIÓN DA CULTURA GALEGA levarase a cabo a informatización do centro superior bibliográfico de Galicia e da rede bibliotecas de Galicia, e levaranse a cabo campañas promoción da lectura e do libro.

Parte destas actuacións están financiadas polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través dos eixes I - Desenvolvemento da Economía do Coñecemento" (I+D+i, Sociedade da Información e TIC), e polas categorías de gasto seguintes: 01- Actividades de I+DT nos centros de investigación, 02, Infraestruturas de I+DT (incluídos equipamento, instrumentación e redes informáticas de gran velocidade entre os centros de investigación) e centros de competencia de tecnoloxía, e 03-transferencias de tecnoloxía e mellora das redes de cooperación entre pequenas e medianas empresas. Eixe 5 - Desenvolvemento Sostible Local e Urbano, e polas categorías de gasto 58-protección,

rehabilitación e preservación do patrimonio cultural, e 59-desenvolvemento de infraestrutura cultural. Eje 6 - Inversións en infraestruturas sociais, e pola categoría 75-construción, reforma e equipamento de centros educativos.

Polo Fondo social europeo (FSE), a través dos eixes I, mellora da competitividade do sector agrícola e forestal, pola categoría de gasto I I-formación profesional e actividades de información; eixe 3 -aumento e mellora do capital humano, polas categorías de gasto 72 -Proxección, introdución e aplicación de reformas nos sistemas de ensino e formación para desenvolver a empregabilidade, mellorando a adecuación ao mercado laboral, do ensino, 73-Medidas para aumentar a participación na educación e a formación permanente, mediante medidas tendentes a acadar a redución do abandono escolar medidas para aumentar a participación en la educación y la innovación, en particular, a través de los estudios postuniversitarios y la formación de investigadores , 74- Desenvolver el potencial humano en el ámbito de la investigación y la innovación, en particular, a través de los estudios postuniversitarios y la formación de investigadores, e polo eixe 4, Promover a cooperación transnacional e interrexional , da categoría de gasto 80-fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través redes de partes interesadas.

Obxectivo estratéxico OE04 - Criterio 4 Atención ao benestar social.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto:

312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	36.244.099
312D SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES	255.448.236
312E SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE	48.204.260
313A SERVIZOS Á XUVENTUDE	16.179.810

Os órganos responsables de levar a cabo actuación encamiñadas a lograr este obxectivo son: Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/24 Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social	252.197.013
M02/25 Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual	48.204.260
M03/26 Mellorar o benestar da xuventude	40.169.368
M99/27 Soporte xeral - Atención ao benestar social	15.505.764

As liñas básicas de actuación dos programas de prestacións ás familias e á infancia para o exercicio 2011 son entre outras as seguintes:

Deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de **apoio ás familias** que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social e a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade

de xénero e a solidariedade interxeracional.

Potenciar a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar, de xeito que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar mediante a mediación familiar.

Mellorar os servizos educativos e de apoio á infancia, asumindo o carácter da etapa infantil como unha etapa educativa vital, garantindo unha adecuada distribución territorial, que permita o equilibrio entre o rural e o urbano na prestación de servizos, o desenvolvemento de actuacións que incidan na mellora pedagóxica da educación infantil de 0-3 anos, e impulsar políticas que promovan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar.

Promover o establecemento de servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas

Potenciar e consolidar a rede de centros, tanto públicos como concertados, a través dos que se presta acollemento residencial ós menores que se atopan baixo a garda ou tutela da Administración, debido á súa situación de risco ou desamparo familiar, complementando esta atención co acollemento destes menores e con programas de intervención coas familias e os propios menores.

Sínálanse as seguintes actividades:

Tramitación dunha nova Lei de apoio ás familias galegas que mellore a coordinación entre os distintos departamentos que deban aplicar dun xeito transversal políticas de apoio aos distintos tipos de familia así como a implicación de todas aquelas entidades con intereses neste ámbito.

Desenvolver as actuacións derivadas da entrada en vigor da nova lei de apoio á familia e a convivencia

Mantemento do rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e desenvolvemento do programa de mediación familiar gratuíta (Mediagal).

Apoio a familias monoparentais, a través da colaboración con entidades de iniciativa social que posúen centros ou desenvolven programas específicos.

Xestión das Residencias de Tempo Libre de titularidade autonómica

Apoio ás familias mediante exencións fiscais por nacementos de fillos/as durante os tres primeiros anos de vida, así como a compensación equivalente para as exentas de declaración e apoio ás familias.

Desenvolvemento de recursos de atención á infancia en zonas rurais mediante o programa "Preescolar na casa".

Mantemento de centros de educación infantil 0-3 de titularidade do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de entidades de iniciativa social, entidades locais e entidades privadas (cheque infantil)

Construción e equipamento dos centros de atención á infancia e desenvolvemento de programas de calidade nos centros de atención á infancia.

Mantemento e mellora dos puntos de encontro familiar

No que atinxe á **persoas dependentes, e persoas maiores e con discapacidade** levaranse a cabo actuacións para:

Promover a atención social e o benestar das persoas maiores e das persoas con discapacidade con menos recursos mediante o financiamento de recursos, servizos e o desenvolvemento de programas, orientados a favorecer a súa autonomía persoal, a súa integración sociofamiliar e laboral, a permanencia da persoa no seu contorno e o seu benestar físico e psíquico, tanto por medios propios como con accións de apoio a entidades e centros de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade.

Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar, potenciando a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas en vivendas e en edificios administrativos .

Favorecer a inserción sociolaboral dos colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, a normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.

Coas actuacións contidas neste programa preténdese:

Dotar de cobertura asistencial, consolidando e aumentando os recursos sociais e prestacións dedicados ás persoas en situación de dependencia, garantindo os niveis de calidade axeitados.

Facilitar a integración mediante a implantación de programas propios destinados a atender a dependencia nas persoas maiores, persoas con demencia e con discapacidade así como o apoio aos seus coidadores.

Fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes procurando unha mellora na súa calidade de vida.

Facilitar ás persoas maiores e persoas con discapacidade unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento dos individuos e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar baixo criterios de normalización.

Consolidar e reforzar un sistema que complemente a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa privada e a do terceiro sector, complementando a cobertura das necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.

Parte destas actuacións están financiadas polo Fondo social europeo (FSE) en concreto a través do eixe 2 -Fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade e pola categoría de gasto 71- Vías de integración e reintegración na vida laboral de persoas con minusvalías; loitar contra a discriminación no acceso e na evolución no mercado laboral

Na área da **xuventude** realizaranse accións con axudas aos concellos para información de actividades xuvenís, e a través do PROGRAMA DE AXUDAS INICIATIVA XOVE, e o PROXECTO IMAGINA ATLÁNTICA

Para abordar estas medidas cóntase con varios plans: Plan de actuación social 2010-2013, o Novo plan da apoio ás familias, Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, I Plan de dependencia: desenvolvemento do sistema galego de promoción da autonomía persoal e atención as persoas, -II Plan galego de persoas maiores 2010-2012, e o Plan Xuventude 2013: Unha estratexia para a mocidade.

Obxectivo estratéxico OE05 - Criterio 5 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto

311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	133.158.046
312A PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	37.432.596
312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	12.705.588
312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	1.876.630
313B ACCIÓNS PARA A IGUALDADE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	6.731.410
313C SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	29.132.071
313D PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	2.881.243
451B ACCESO Á VIVENDA	49.387.558
451C DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE VIVENDA E SOLO	14.944.400

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría Xeral de Igualdade, e Secretaría Xeral de Emigración, dependentes da Consellería de Presidencia; na Consellería de Traballo e Benestar, a Secretaría Xeral, a Secretaría xeral de Familia e Benestar, e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Secretaría Xeral, e o Instituto Galego de Vivenda e Solo

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/28 Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoas ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial	67.325.317
M02/29 Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante	8.158.626
M03/30 Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres	9.612.653
M04/31 Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos	49.387.558
M99/32 Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	153.765.388

Destácanse as seguintes actuacións:

No ámbito da **promoción da igualdade**, durante o ano 2011 incidirase na promoción de programas de formación e educación destinados a concienciar da necesidade de establecer políticas de igualdade, tanto nas administracións públicas como nas empresas; na formación das mulleres en habilidades directivas e na promoción da súa presenza en actividades de alta demanda e nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía; no apoio ao movemento asociativo das mulleres e no impulso de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e da corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións da administración autonómica, á promoción da igualdade en todos os ámbitos, a prevención e tratamento da violencia de xénero, en todas as súas manifestacións, e á atención integral das vítimas, e ás medidas que axuden a combater a discriminación por razón de xénero a desenvolver polas entidades locais, accións para o fomento da empregabilidade dirixidas a mulleres en situación de risco, axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero, e apoio a medidas promoción das mulleres.

No ámbito do tratamento da **violencia de xénero**, centrarase a actuación nos programas de formación, información, prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero; na coordinación e incremento dos recursos existentes na eliminación da violencia de xénero; no desenvolvemento das medidas articuladas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, e na lei orgánica 1/2004 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; en medidas dirixidas a contribuír á independencia da muller respecto do seu maltratador e medidas específicas, para as fillas e fillos das mulleres vítimas de violencia de xénero, e no impulso á creación dunha rede de apoio a mulleres que exercen a prostitución e de medidas dirixidas a facilitar a inserción laboral daquelas que a abandonen

Promoción da igualdade e prevención da violencia a desenvolver polas entidades locais, accións para o fomento da empregabilidade dirixidas a mulleres en situación de risco, axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero, apoio medidas promoción das mulleres, esperando alcanzar un nº de 4.800 mulleres beneficiarias accións formación ; para abordar estas accións seguiranse as directrices do V PLAN DO GOBERNO GALEGO PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, estando cofinanciados algún deles con Fondo Social Europeo.

Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais a través do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, Plan de actuación social 2010-2013, e do Novo plan da apoio ás familias galegas (no que se pretenden crear 2.367 prazas residenciais, 1.267 prazas en centros de menores, 1.800 menores protexidos atendidos en acollemento familiar, e 450 menores tutelados en preparación para a inserción

Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais, con axudas de emerxencia social, e apoio ós colectivos en risco de exclusión social

Promover programas específicos de atención para colectivos con especiais dificultades de inserción (xitanos, sen teito, persoas afectadas pola SIDA)

Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, a través do PLAN DE VIVENDA 2009-2012, e axudas a aquelas vivendas incorporadas ao Programa ALUGA.

Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante, a través de axudas dirixidas aos galegos residentes no exterior en situación de precariedade para garantir a cobertura sanitaria, e accións sensibilización emigración e inmigración, a través do Plan Galego de inmigración

Estes proxectos encadráranse dentro dos plans: II Plan de inclusión social de Galicia (2007-2013), Plan fronte a crise: apoio ao benestar e as familias, Plan de actuación social 2010-2013, Novo plan da apoio ás familias galegas, e o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, e dentro de programas de Inclusión Social: Proxecto Sinerxia, e Plan de Loita contra a Pobreza.

Estas accións están cofinanciados co Fondo Social Europeo no eixe 2 (fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade), nas medidas 69: medidas de mellora do acceso ao emprego, principalmente as mulleres, e 71: vías de integración e reintegración na vida laboral de persoas con discapacidade e de colectivos máis desfavorecidos.


III.2.2. Eixe E2 - Dinamización económica, Crecemento e Emprego

A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe reflicte que o que absorbe maior importe de recursos orzamentarios para o 2011, preto da metade dos mesmos, é o de fomento de sectores estratéxicos mediante a política de clústers (obxectivo 3/ Criterio 8) cunha porcentaxe sobre o total do eixe 2 do 45,9%. A mellora da accesibilidade do territorio e da mobilidade, alcanza o 22,7% deste eixe.

As políticas decididas a favor do emprego alcanzan un peso significativo, co 24,3% do total do eixe, cunha consignación total de 354,5 millóns de €.

A internacionalización da economía galega absorbe o 7,1% do eixe figurando no orzamento un total de 103,9 millóns de €.

E2 Dinamización económica, Crecemento e Emprego.



Obxectivo estratéxico OE01 / Criterio 6.- Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos Programas de gasto:

511A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL	9.117.504
512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	21.816.115
512B CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	299.748.326

Os órganos responsables de levar a cabo actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría xeral e as Direccións Xerais de Infraestruturas e Mobilidade e o Xurado de Expropiación Forzosa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Infraestruturas.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/33 Construcción de Vías de Altas Prestacións (VAPs)	104.127.517
M02/34 Actuacións na rede de estradas convencional	104.553.439
M05/37 Desenvolver un programa galego para a seguridade vial e para o mantemento e conservación das estradas adicando o 3% de valor patrimonial da rede viaria	65.423.937
M06/38 Impulso do transporte metropolitano nas 7 áreas metropolitanas cunha política tarifaria común	6.935.987
M07/39 Incorporar novos sistemas de transporte para articular unha mobilidade metropolitana sostible, impulsando os proxectos de metro lixeiro da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo	582.787
M08/40 Construcción de intercambiadores e estacións intermodais de transporte de mercadorías e viaxeiros, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros disuasorios	4.502.295
M99/42 Soporte xeral - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	44.555.983

Para o logro deste obxectivo estratéxico articularanse diversas actividades a tenor de diferentes Plans de actuación sectorial, como o **Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica, MOVE**, elaborado co obxectivo de ordenar e xerarquizar a rede de estradas de Galicia, coordinar as iniciativas das distintas administracións, completar as comunicacións de Galicia co seu entorno (Asturias, Castela e León e Portugal). Mellorar a accesibilidade ás cidades, ós espazos urbanos principais e as grandes áreas industriais e loxísticas, situando ó 80% da poboación a menos de 10 minutos dunha vía de altas prestacións, integrando a seguridade viaria como criterio básico desde o propio deseño da infraestrutura considérase a meta a conseguir.

Sinalar así mesmo o Programa de actuacións en Vías de Altas Prestacións, impulsando actuacións relevantes neste período orzamentario: Autovía Vilagarcía-Pontevedra. Treito Curro-Baión, Terceira Rolda de A Coruña e Vía Ártabra, Variante de Marín, Vía de Altas Prestacións Sarria-Monforte, Desdobramento Nadela-Sarria, Vía de Altas Prestacións Tui-A Guarda, Conexión da A52 co Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas e Valderrábada, Vía de Altas Prestacións Brión-Noia., Conexión do Corredor Brión-Noia coa AC550 en Taramancos (Noia), Vía de Altas Prestacións da Costa da Morte, Corredor do Norte Ferrol-San Cibrao, Desdobramento Sanxenxo-A Lanzada, Vía de Altas Prestacións Ramallosa-A Estrada e A Estrada-Cerdedo/Forcarei (N543).

Programas de actuacións na rede de articulación territorial, con novas actuacións en vías estruturantes e complementarias:

- a) Novos eixes e variantes.
- b) Plan de adecuación de travesías.
- c) Acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais.

Programa de Actuacións en Medios Urbanos, tratando de impulsar actuacións que permitan resolver os problemas nos accesos ás cidades, reducindo o nivel de conxestión.

Programa de Mantemento e Conservación das Estradas Galegas, co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade.

Desenvolvemento do Programa Galego de Seguridade Vial, que ten como finalidade última a redución da sinistralidade e a minoración da gravidade dos accidentes de tráfico a través dun programa de actuación integral e coordinado entre todas as súas conselleiras. Nos orzamentos de 2011 destinaranse partidas orzamentarias específicas para tal fin, dependendo dos programas ou actuacións que cada unha delas teña previsto asumir (educación viaria, xuventude, accións de control e vixilancia, campañas de prevención, dispositivos de emerxencia, etc.). A consellería de medio ambiente disporá de fondos para o mantemento e conservación de estradas, mellora nas condicións de seguridade e comodidade da vía, sendas peonís e carrís bici separados da zona de circulación dos vehículos, a eliminación de tramos de concentración de accidentes (TCAs) e desenvolvemento de sistemas ITS. Todo isto sen detrimento da colaboración noutras campañas conxuntas que incidan na concienciación da necesaria redución do número de accidentes e das vítimas.

Abordaranse modelos de financiamento extraorxamentarios, vinculando a iniciativa privada á execución e explotación de rede de estradas autonómica, para a provisión das infraestruturas e dos obxectivos recollidos no Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica (Plan Move) co obxecto de dotar a Galicia nun prazo breve de tempo das actuacións consideradas imprescindibles para o seu desenvolvemento económico. Nesta liña, ao longo do ano 2011 a Dirección Xeral de Infraestruturas xestionará a execución de tres actuacións en réxime de concesión co mesmo obxecto de mobilizar recursos extraorxamentarios:

- 1) Vía de Altas Prestacións Carballo-Berdoias
- 2) Eixo de comunicacións A52-Fronteira Portuguesa:
Treito I: Vía de Altas Prestacións A52-Celanova Sur.
Treito II: Celanova Sur-Fronteira Portuguesa.
- 3) Desdoblamento do Corredor do Morrazo.

No que **atinxe á mobilidade**, levaranse a cabo actuacións para:

Mellorar a interconexión dos aeroportos de Galicia coas restantes redes de transporte, adaptar as infraestruturas e os servizos á demanda, e fomentar a mellora dos servizos aéreos.

Crear o ente ferroviario e reestruturar os servizos ferroviarios dentro da Comunidade Autónoma para adaptalos á demanda, así como continuar cos estudos para implantar os metros lixeiros nas cidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.

Rematar a implantación do Transporte Metropolitano de Galicia nas sete grandes áreas de aglomeración urbana, incluíndo, ademais da implantación da tarifa única e a despenalización dos transbordos, un sistema integral de información en tempo real dos servizos prestados, así como a mellora das infraestruturas asociadas.

Rematar e aprobar o Plan Director de Mobilidade Alternativa e poñer en marcha as súas propostas.

Mellorar a intermodalidade do transporte, aprobando o Plan de Aparcamentos Disuasorios; promover a creación de intercambiadores dos modos de transporte e plataformas reservadas para o transporte de viaxeiros nas cidades e nas vilas, así como a implantación dun sistema integral de información ao usuario.

Mellorar a seguridade do transporte público de mercadorías, iniciando a construción de zonas de parada para transportistas.

Continuar coa inspección do transporte para controlar o cumprimento da normativa reguladora de transporte.

As actuacións máis destacadas a realizar no ano 2011, no eido da mobilidade son:

a) A implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas principais aglomeracións urbanas galegas e o inicio do estudo dun Plan de transporte comarcal e rural

b) O fomento da intermodalidade entre os diferentes modos de transporte: mellorando a oferta dos nosos aeroportos e a súa comunicación coas redes de transporte público; articulando redes de infraestruturas e servizos para o transporte de mercadorías (centros loxísticos, establecendo áreas de parada e estacionamento para o transporte por estrada de mercadorías, etc); desenvolvendo novos órganos para a xestión do transporte (por exemplo, o ente ferroviario de Galicia).

c) A potenciación do transporte público: desenvolvendo os estudos de novos modos de transporte urbano (metros lixeiros) e potenciando a competitividade do autobús (plataformas reservadas); mellorando as paradas e os sistemas de información ao cidadán; etc.

Parte destas actuacións están financiadas polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través do eixe 4 de Transporte e enerxía, e polas categorías de gasto seguintes: 20.- Autoestradas, 23.- estradas rexionais/locais, 25.- Transporte urbano e 26.- Transporte multimodal.

Obxectivo estratéxico OE02/Criterio 7 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto:

531A PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	8.143.021
741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	93.220.265
741B FOMENTO DO INVESTIMENTO EN CAPITAL HUMANO	2.583.178

Os órganos responsables de levar a cabo actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Secretaría Xeral e as Direccións Xerais de Comercio e Industria, Enerxía e Minas e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) da Consellería de Economía e Industria. Tamén participa a DX de innovación e Industrias Agrarias da Consellería de Medio Rural.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/43 Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco	24.575.801
M05/47 Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos foraneos a través dunha política de diversificación xeográfica e sectorial, formación de recursos humanos, cooperación empresarial e de visualización	3.189.000
M06/48 Fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten o cumprimento de estándares de calidade e da marca Made in Galicia	400.000
M07/49 Completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos	8.143.021
M99/50 Soporte xeral - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	67.638.642

A medida que recolle as melloras das condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento desenvólvea, fundamentalmente, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) xunto a Sociedade Xestora de entidades de capital-risco SA (XESGALICIA) e SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. Trátase da xestión dos seguintes fondos, que se clasifican segundo a tipoloxía das empresas obxecto de investimento, dos seus proxectos investidores así como da súa situación financeira:

- EMPRENDE, F.C.R.: financiamento para empresas de nova creación, ou aquelas que acometan actividades novidosas e/ou apliquen novas tecnoloxías.

- ADIANTE 2000, F.C.R.: para empresas existentes, necesitadas de apoio financeiro e de xestión.

- XES-INNOVA, F.C.R. (reformulación do anterior SEMENTE 2007, F.C.R.): Financiamento de proxectos emprendedores e proxectos de desenvolvemento tecnolóxico vencellados cos sectores da biotecnoloxía, telecomunicacións, enerxías renovables e me-

dio ambiente.

- XES IMPULSA FERROL I O, F.C.R. (reformulación do anterior FERROL INICIATIVAS EMPRESARIALES, F.C.R.): Financiamento da posta en marcha de iniciativas empresariais na comarca de Ferrolterra.

- XES-POSIBILITA I O, F.C.R. (fondo de nova creación): Financiamento de proxectos empresariais levados a cabo por persoas con discapacidade.

As actuacións do Instituto galego de Promoción Económica (IGAPE) estrutúranse en sete eixes de actuación, dos que se destacan aquí catro deles por teren maior influencia na consecución deste obxectivo estratéxico:

Eixe I **Emprendedores**: Comprende un conxunto de accións cun dobre enfoque:

fomento do espírito emprendedor (accións de sensibilización, difusión e formación), entre as que destaca a celebración do Día Galego do Emprendedor e o Portal do emprendedor para o fomento de redes de investidores

e mellora do acceso ao crédito para a implantación de novos proxectos empresariais e de creación de empresas. Neste caso se inclúen servizos gratuítos de formación e acompañamento a potenciais emprendedores, xunto ao apoio financeiro (convenios con axentes financeiros, subvencións e préstamos directos do IGAPE, achegas a fondos de capital risco e convenios de microcréditos, entre outros) nos que tamén participa a sociedade anónima participada maioritariamente polo IGAPE, BIC Galicia.

Eixe 2 **Investimento empresarial**: Está orientado á prestación de apoios para facilitar a implantación dos proxectos empresariais de maior impacto no tecido produtivo e na xeración de emprego de calidade en Galicia. Así, ademais de manter as liñas de incentivos económicos en forma de axudas a fondo perdido a proxectos de investimento empresarial, en 2011 o IGAPE ten previsto manter ou incrementar outras ferramentas de apoio para o financiamento empresarial, en particular os investimentos nas entidades de capital risco (SODIGA e o Fondo de Capital Risco Adiante) e a concesión de préstamos directos a empresas mediante a cooperación co Banco Europeo de Inversións (BEI).

A concesión de avais, mais o impulso a liñas de financiamento de circulante e de reestruturación de pasivos complementan a batería de medidas neste ámbito.

Estas medidas complementáanse coa coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Economía, a través da liña de incentivos económicos rexionais, e outras liñas como as de reindustrialización do Ministerio de Industria que acompañarán as actuacións do Plan de Desenvolvemento Integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Nesta liña, contéplanse nas bases reguladoras das axudas, incentivos adicionais para os proxectos de investimento empresarial destinados aos concellos incluí-

dos nos plans territoriais.

Eixe 3 Internacionalización: Este eixe contempla axudas destinadas á promoción exterior de bens, servizos e investimentos, a iniciativas de mellora do capital humano no ámbito da internacionalización e ás actividades de potenciación das redes de empresarios galegos no exterior. Ademais inclúense neste eixe os centros de promoción de negocios do IGAPE no exterior e as accións para atracción e retención de investimentos estranxeiros, incorporando accións específicas para a fidelización de novos investimentos.

Eixe 4 Mellora da competitividade: Recolle principalmente subvencións ao abeiro dos diferentes programas existentes para incentivar melloras na xestión empresarial mediante a consultaría de procesos e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando, entre outros. Entre as novas liñas pódense salientar os incentivos ás empresas galegas para impulsar o seu acceso ao Mercado Alternativo Bursátil, facilitándolles a realización das análises e procesos previos preparatorios como unha oportunidade máis de mellorar as súas capacidades financeiras.

Estas accións complementáanse con outros incentivos económicos ao abeiro de programas coxestionados coa Administración Central (Programa Innoempresa), que acollen un elevado número de solicitudes das PEMES de innovación organizativa e tecnolóxica, e a realización de diagnósticos e plans de mellora, entre outros.

Estímase que 550 resultarán beneficiadas directamente por axudas ao abeiro deste obxectivo financiadas co Fondo europeo de desenvolvemento rexional, cun investimento inducido superior aos 900 millóns de €.

No eido das actuacións de apoio aos traballadores e de fomento do espírito emprendedor e de mellora da formación, estímase que 2.350 persoas resultarán beneficiarias cunha desagregación paritaria entre homes e mulleres.

As actuacións da Consellería de Economía e Industria conducentes á consecución deste Obxectivo estratéxico, articúlase no Plan de modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produción empresarial, orientado a potenciar a innovación estratéxica fundamentalmente no ámbito das organizacións empresariais. Presenta unha serie de actuacións entre as que destacan as seguintes:

Axudas para potenciar a innovación estratéxica empresarial (innovation strategic FIT), incluíndo liña de préstamos, en condicións preferentes, para a financiamento de proxectos empresariais de investimento de I+D+I e modernización tecnolóxica.

Accións dirixidas a promover a posta en marcha , desenvolvemento e crecemento de Empresas de Base Tecnolóxica (EBT), especialmente aquelas que aposten por un desenvolvemento competitivo e rápido.

Axudas dirixidas a mobilización, dinamización e sistematización dos procesos de innovación promovendo unha cultura empresarial proclive a innovación e ó crecemento.

Desenvolvemento dun conxunto de actuacións de valorización do coñecemento que permitan desenvolver proxectos de innovación baseados en procesos de transferencia de coñecemento, impulsar a creación de novas empresas e licenciar resultados de I+D+I.

Participación no Capital fundacional e no sostemento de fundacións, parques científicos e tecnolóxicos, sociedades e entidades públicas ou privadas localizados no entorno do sistema galego de I+D+I, ligado á aceptación da implantación dun sistema de indicadores que permitan a medida dos resultados e dos seus retornos.

Axudas para o financiamento de operacións que contribúan a facilitar a creación de instrumentos de enxeñería financeira para empresas, como fondos de capital risco de garantía ou de crédito (iniciativa Jeremie).

Axudas á participación das empresas galegas en convocatorias e programas de financiamento de actividades de I+D+I internacionais.

O convenio coa Asociación do Clúster do Sector Naval Galego (ACLUNAGA) para a certificación da calidade da industria auxiliar naval sitúase na medida de fomento de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación.

Galicia Calidade, S.A. realiza accións de promoción publicitaria da marca de garantía Galicia Calidade, e constitúese como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización das empresas galegas.

No eido do **Comercio Rural Galego**, continuarase coa implantación da Rede de Comercio Rural Galego, incorporando novos establecementos en 2011.

Galicia Calidade xestionará a marca de garantía “Comercio Galicia Calidade” que pretenderá a incorporación de cerca dun milleiro de establecementos. Esta marca de garantía aposta claramente pola calidade do servizo e na xestión dos establecementos comerciais, incidindo no seu compromiso social así como cos consumidores.

Tamén no tocante ao **MEDIO RURAL** dedícaranse actuacións ao fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, como medio para gañar valor engadido nas producións, identificando o produto galego como sinónimo de produto de calidade, a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade.

Para a consecución deste obxectivo estratéxico no sector agrogandeiro ou agroindustria establécense as seguintes actividades:

1. Apoio á creación de novas industrias agrarias, fomentando os investimentos que teñan un beneficio para os produtores galegos así como aqueles que teñan por obxecto a incorporación de innovacións e melloras tecnolóxicas, prioritariamente en zonas con procesos de despoboamento e zonas desfavorecidas, co obxecto de crear emprego e potenciar os sectores da industria e os servizos.

2. Axudas ás empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.

3. Axuda aos investimentos realizados por empresas de base asociativa para que reverta nos propios produtores o valor engadido que achega a transformación industrial agroalimentaria.

4. Investimentos dirixidos á obtención de produtos ecolóxicos.

5. Apoio aos investimentos encamiñados a unha mellora da competitividade das industrias agroalimentarias xa existentes, favorecendo a mellora da calidade, a diversificación produtiva e o valor engadido das producións, e primando a aquelas industrias que establezan contratos estables cos produtores galegos.

6. Apoio á participación do sector produtor na transformación e comercialización de produtos agrarios.

En 2011 estímase que se crearán 21 novas industrias e 140 empregos coas axudas para a industrialización e comercialización no eido do medio rural.

Para completar o mapa de solo industrial de Galicia, o Instituto galego de Vivenda e Solo (IGVS) e as Sociedades de Xestión Urbanística (Xestures) xunto á DX de Industria, Enerxía e minas, executarán as actuacións articuladas en torno ao Plan de Solo empresarial 2009-2015, para o impulso e a creación de solo produtivo. Desenvolveranse polígonos públicos onde exista unha maior demanda e necesidade de solo, polo que continuarase coa labor de estudar e analizar instrumentos de ordenación do territorio para a localización de novos solos produtivos, así como a súa divulgación ou achegamento á cidadanía dos que estean dispoñibles

Parte destas actuacións conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través dos seguintes eixes e categorías de gasto: Eixe I de Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC) (categoría de gasto: 07 "Investimento en empresas directamente relacionadas coa investigación e a innovación") e Eixe 2 de Desenvolvemento e innovación empresarial (categorías de gasto 08 "Outros investimentos en empresas" e 09 "Outras medidas destinadas a fomentar a investigación e innovación e o espírito empresarial nas PEMEs")

Fondo social europeo (FSE), a través dos eixes e categorías de gasto seguintes: Eixe I de Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios (categorías de gasto 62 "Desenvolvemento de sistemas e estratexias de aprendizaxe permanente nas empresas,... fomentar o espírito empresarial e a innovación" e 63 "Proxección e difusión de formas innovadoras e máis produtivas de organizar o traballo"

Eixe 4 de Cooperación transnacional e interrexional (categoría de gasto 80 "Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes")

Fondo europeo de desenvolvemento rural (FEADER): Eixe I de mellora da competitividade do sector agrícola e forestal (medida 23 "Aumento do valor engadido de produtos agrícolas e forestais"

Obxectivo estratéxico OE03/Criterio 8. Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto (clasificación funcional):

431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	18.813.193
432C FOMENTO DO AUDIOVISUAL	1.468.509
513A CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	10.383.923
514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	5.290.795
551B ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	93.269.992
711A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	34.005.984
712B MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	77.653.506
712C FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	2.344.906
713A MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS IMPRODUTIVAS	2.167.896
713B ORDENACIÓN DAS PRODUCCIÓNS FORESTAIS	51.197.492
713C IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	6.320.349
713D MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA	9.935.552
713E BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	53.787.238
713F REGULACIÓNS DAS PRODUCCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES	55.055.490
721A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	15.098.418
722A PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	3.645.493
723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	98.973.768
723B REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E DOS MERCADOS DA PESCA	11.986.775
731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	8.269.002
732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	9.111.665
741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	25.411.986
741F APOIO Á ARTESANÍA	1.659.000
751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	20.983.174
761A COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	52.591.470

Os órganos responsables de levar a cabo actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría xeral de medios da Presidencia da Xunta, a Secretaría xeral e as Direccións Xerais de Investigación, desenvolvemento e innovación, Comercio e Industria, enerxía e minas da Consellería de Economía e industria, e o Instituto galego de promoción económica (IGAPE) desa consellería e a Secretaría xeral e de Turismo, da

Consellería de Cultura. Tamén interveñen no eido dos sectores estratéxicos dos sectores agro-industria, gandeiro, forestal, acuícola e pesqueiro, as Consellerías de medio Rural e do Mar, a través da totalidade dos seus centros directivos, agás a DX de conservación da natureza, isto é: a Secretaría xera le as Dirección xerais de Producción agropecuaria, de desenvolvemento rural da que depende a Axencia galega de Desenvolvemento rural (AGADER), a de Innovación e industrias agrarias e forestais, a de Montes e o Fondo galego de garantía agraria (FOGGA).

Na Consellería do mar participan nas medias encamiñadas ao logro deste obxectivo estratéxico, a Secretaría xeral e as Direccións xerais de Competitividade e innovación tecnolóxica, de Ordenación e xestión dos recursos mariños e a de Desenvolvemento pesqueiro.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son.

M/OEP	M01/51 Impulso ou creación dos novos clústers nos sectores tradicionais da economía galega e aqueles outros que por as súas ventaxas competitivas teñen expectativas de crecemento	22.581.986
M/OEP	M02/52 Consolidar un centro de homologación do automobil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes	2.830.000
M/OEP	M06/56 Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio	19.997.311
M/OEP	M07/57 Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente	96.541.965
M/OEP	M08/58 Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e	7.675.549
M/OEP	M09/59 Estruturação do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal	684.358
M/OEP	M10/60 Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica	70.459.118
M/OEP	M11/61 Consolidar un sector galego do audiovisual	1.468.509
M/OEP	M12/62 Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueira e de acuicultura	14.000.000
M/OEP	M13/63 Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia	15.674.718
M/OEP	M14/64 Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe	42.441.861
M/OEP	M15/65 Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade	43.560.512
M/OEP	M17/67 Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia	48.381.620
M/OEP	M19/69 Promoción de Galicia como destino de turismo cultural	18.813.193
M/OEP	M20/70 Mellorar os polígonos industriais	1.000.000
M/OEP	M21/71 Mellorar a seguridade industrial	791.640
M/OEP	M22/72 Dinamizar o sector artesanal	1.659.000
M/OEP	M99/73 Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	260.864.236

Coa finalidade de potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas decántase por dar un pulo importante ás asociacións e clústers de interese empresarial na Comunidade Autónoma, e incrementar as actuacións para a promoción e difusión da excelencia empresarial cara a súa internacionalización. Entre as actuacións máis destacadas figuran:

Achegas a asociacións e clústers de interese empresarial para a Comunidade Autónoma, tanto en gastos correntes como de capital. Sinálanse a continuación os clúster galegos de maior relevancia: Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), Clúster do Sector Naval Galego (ACLUNAGA), Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), Clúster de Acuicultura de Galicia (CETGA), Clúster do audiovisual Galego (CLAG), Clúster de Biotecnoloxía de Galicia, Clúster do sector TIC en Galicia (INEO), Clúster do Produto Gráfico e do libro galego, Clúster das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de Galicia, e Clúster Alimentario de Galicia.

Na medida de Consolidar un centro de homologación do automóbil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes, sinalar ao respecto que o orzamento do 2011 recolle unha partida expresiva do convenio co Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), para a realización do proxecto piloto de creación de sete estacións multifuncionais de electromobilidade.

- Outras actuacións: Actuacións para a certificación da calidade da industria auxiliar naval, Achegas ao fondo de garantía patrimonial dos estaleiros galegos, para facilitar o seu acceso ao financiamento das súas actividades, e actuacións para a implantación da metroloxía legal.

No eido de **fomentar a dinamización e innovación do comercio galego**, a Consellería de Economía e Industria, presenta as seguintes liñas de acción:

En Comercio Interior: Aplicación dun plan de dinamización do comercio de venda polo miúdo de Galicia "Plan Ágora agora Re-comercia 2010-2013" que comprende os seguintes programas:

- creación do Observatorio do Comercio de Galicia e da Rede de Innovación do Comercio-Redic.

- Mellora da competitividade do comercio.

- Dinamización do comercio galego.

- Mellora do aprovisionamento das zonas rurais.

- Adecuación da estrutura comercial ás características territoriais, sociais, culturais e económicas de Galicia.

- Incentivación do sector comercial retalista.

- Incorporación de ferramentas de innovación para a mellora da xestión comercial e o apoio a formación.

- Adecuación e mellora da estrutura e equipamentos comerciais.

- Impulso da actividade feiral e promoción dos produtos galegos.

En Comercio exterior:

- Desenvolver planes e proxectos para incrementar a internacionalización da empresa galega,.

- Acadar a formación adecuada en materia de comercio exterior.

As actuacións no **sector agrogandeiro**, son as seguintes:

Fomento do dimensionamento cooperativo e do asociacionismo agrario como ferramenta para acadar unha maior competitividade das producións mediante cooperativas e outras entidades asociativas ben dimensionadas e da utilización da maquinaria común.

Mantemento dos procesos axeitados para mellorar, consolidar e soste os niveis sanitarios das explotacións gandeiras e controlar a calidade e a seguridade das producións.

Xestión dos seguros agrarios como ferramenta eficaz de protección dos agricultores e gandeiros contra as adversidades metereolóxicas e outros fenómenos alleos ao seu control que poidan causar perdas nas súas explotacións.

Fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, como medio para gañar valor engadido nas producións, identificando ao produto galego como sinónimo de produto de calidade, a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade.

Actuacións dirixidas á mellora da formación, á investigación agraria e a innovación tecnolóxica, como base para a diversificación e o aumento da eficiencia e calidade dos sistemas da produción nos sectores agrario, gandeiro e forestal, con actuacións dirixidas a proxectos de investigación aplicada, relacionadas coa innovación e a mellora das producións forestais.

Valoración e unha correcta xestión do monte en todas as súas funcionalidades e producións, dentro do contexto da loita contra o cambio climático. Dentro dun plan de fomento da produción forestal, estableceranse medidas para a mellora e o aumento da produción dos materiais forestais de reprodución; para o control e seguimento do estado de saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais; para a consolidación de masas de alta produtividade forestal; para o fomento da aplicación de modelos silvícolas dirixidos á obtención de madeira de serra en quendas máis longas; para a consolidación e expansión de rexenerados naturais de frondosas; e para a recuperación do potencial forestal afectado. Ademais do aproveitamento madeireiro, fomentaranse as producións alternativas do monte, como o aproveitamento enerxético da biomasa forestal, o fomento da produción de castañas, cogomelos e outros froitos do monte, así como a creación de áreas silvopas-

torís. Tamén se impulsará a creación e mellora de empresas de aproveitamentos forestais e o fomento da certificación forestal.

Prevención e defensa contra os incendios forestais: Para a redución do número de lumes, estableceranse os plans de investigación policial e forestal, co fin de definir as zonas e os riscos e desenvolveranse as campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación. Actuarase en dous niveis:

Prevención: potenciaranse as infraestruturas defensivas

Extinción: aplicaranse as últimas tecnoloxías en materia de defensa contra os incendios, cos sistemas de detección e avaliación de incendios dende medios aéreos, a utilización de sistemas dixitais de radiocomunicación e a incorporación de modelos de predición do comportamento do lume.

Recuperación e incremento da superficie agraria útil (SAU) e a mobilización das superficies agrarias infrautilizadas, en estado de abandono.

Apoio ás rendas dos agricultores e agricultoras. A través da xestión das axudas directas da PAC e a súa mellora para garantir o pagamento dos incentivos económicos de apoio directo ao sector, mellorando a xestión dos dereitos de axuda.

Aplicación de programas de apoio a iniciativas de desenvolvemento rural, executados directamente por Agader: entre as que se sinala a convocatoria de axudas a proxectos a desenvolver nas áreas rurais de Galiza e implementación das novas medidas do programa de desenvolvemento rural 2007-2013, para o financiamento dos proxectos dos grupos de desenvolvemento rural.

Xestión do potencial vitícola: aplicación da reforma da OCM vitivinícola e o do Programa de Apoio ao sector, poñendo énfase na política de reestruturación e reconversión do viñado para favorecer as producións de calidade con denominación de orixe, a correcta xestión do potencial vitícola priorizando a recuperación das superficies abandonadas, e a promoción dos viños galegos das distintas denominacións de orixe no mercado.

Políticas dirixidas ás mulleres rurais: O papel das mulleres seguirase potenciando como protagonistas do tecido produtivo e social galego, á redución das desigualdades e a facilitación e a plena integración das mulleres en todas as actuacións de desenvolvemento rural mellorando a súa situación e o seu contorno social, laboral e económico.

Accións para fomentar o uso de superficies de Montes Veciñais en Man Común,

As actuacións da Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia, BANTEGAL, serán:

Facilitar e continuar coas actividades que permitan o redimensionamento das explotacións agrarias.

Xestión da incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia para o seu arrendamento a explotacións agrogandeiras existentes ou de nova creación, así como velar pola conservación do seu contorno ecolóxico e integridade patrimonial.

3. Mellora da planificación e actuacións tendentes a identificar, a superficie agraria apta para as explotacións agrogandeiras.

Fomento dos sistemas agrarios sustentables, compatíbeis co entorno e produtores de alimentos sans e de calidade co mínimo impacto no medio ambiente

Apoiaranse as Agrupacións de Agricultura Ecolóxica para estruturar este sector e cooperar no seu desenvolvemento.

Potenciación das producións complementarias e/ou alternativas é básica para apoiar a diversificación das actividades agropecuarias, apostando polos produtos diferenciados asociados á imaxe de calidade e coidando as transformacións industriais e as canles de distribución e comercialización.

Medidas e liñas de actuación que se dirixan cara a modernización e dimensionamento dunha industria da primeira transformación de madeira e en especial o sector do aserrío, asentado no rural e peza clave para o seu dinamismo e fixación de emprego, sector que necesita dunha liña clara de innovación e incorporación de tecnoloxía que consolide o liderado da industria galega a nivel estatal.

Protección dos produtos de calidade a través de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, e doutras figuras de protección da calidade como os produtos da artesanía alimentaria, a agricultura ecolóxica ou a produción integrada obriga a que estes produtos se elaboren e transformen na súa área tradicional de procedencia, case sempre zonas rurais, co que o valor engadido xerado queda nese territorio. Estas producións, ademais, melloran as rendas obtidas xa que estes produtos adoitan acadar mellores prezos no mercado.

Incrementar a rendibilidade das explotacións mediante a loita contra os axentes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións, e reducindo ao mínimo o seu impacto no medio de tal xeito que sexan debidamente tratados os residuos e se garanta unha calidade sanitaria para o consumidor. Isto conduce a diminuír as perdas económicas causadas polas enfermidades animais, protexendo a saúde pública e evitando a transmisión destas enfermidades, tanto ás persoas que conviven cos animais como ao consumidor dos produtos de orixe animal. O obxectivo final é acreditar o estado sanitario da totalidade da cabana de vacún, ovino e cabrún e a extensión dos programas sanitarios ao porcino, aves, sector apícola e visóns.

Pagamento único por explotación como axuda disociada á renda de cada explotación e, por tanto, facendo depender o pagamento íntegro ao respecto dos requisitos básicos en materia de medio ambiente, seguridade alimentaria, saúde e benestar dos animais, así como do mantemento da explotación en boas condicións agrarias e medioambientais.

No eido do **sector pesqueiro**, marisqueiro e acuícola e tamén da cadea mar - industria e da sociedade costeira de Galicia, levaranse a cabo as actuacións conducentes á consecución e mantemento dunha actividade pesqueira, marisqueira e acuícola que sexa social, económica e ambientalmente sostible, para o que se deben dispor as ferramentas normativas, administrativas e financeiras axeitadas e especialmente dedicadas.

As liñas de actuación terán como finalidade:

A xestión eficaz e eficiente dos fondos económicos, especialmente dos comunitarios.

A xestión responsable e sostible dos caladoiros e da nosa costa.

O desenvolvemento da acuicultura no noso litoral en harmonía co medio ambiente.

Recuperación do medio mariño e de zonas aptas para a reprodución dos moluscos bivalvos.

A mellora dos rendementos do sector do marisqueo e da acuicultura.

A potenciación das industrias de transformación e comercialización e da súa integración como parte fundamental da estrutura de continuidade social e económica do eido marítimo - pesqueiro

A consolidación e adecuación dun necesario sistema de aseguramento da actividade marítimo-pesqueira e dos profesionais que nela desenvolven a súa actividade. En especial:

O aseguramento de accidentes marítimos para todos os mariñeiros galegos en calquera parte do mundo e dos tripulantes de buques con porto base en Galicia.

A formación en seguranza marítima.

As axudas sociais ás mariscadoras/es

O desenvolvemento das zonas costeiras, con especial atención a diversificación das actividades e á complementación económica das actividades marítimo - pesqueiras.

O desenvolvemento e consolidación dun sistema de coñecementos aplicados ao mundo do mar que permitan avanzar nos obxectivos de sostibilidade enunciados. En especial:

A investigación mariña aplicada ao eido ambiental

A determinación de novas liñas de investigación nos campos sociais da actividade, con dedicada atención aos aspectos normativos e políticos do eido europeo e mundial

A cooperación pesqueira con terceiros países.

Elaboración dunha liña de xestión dos portos conforme a unha progresiva especialización dos mesmos, con proxectos individualizados para cada un, atendendo ás súas necesidades específicas.

O desenvolvemento dunha liña de mellora da operatividade e eficacia e da eficiencia dos fondos destinados ás funcións de loita contra a contaminación e seguridade da vida humana no mar, para o cal se atenderá:

A dotación de medios para a loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.

As medidas para mellorar a loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.

A dotación de medios para a inspección pesqueira.

As medidas para mellorar a inspección pesqueira.

As actuacións referidas concrétanse na adopción das seguintes medidas:

Desenvolvemento do plan acuícola con especial énfase no tinxinte aos emprazamentos e á súa adecuación ambiental, social e ambiental

Intensificación do apoio ás industrias de transformación do sector.

Reforzamento dos equipamentos nos portos pesqueiros.

Actuacións de recuperación das zonas improdutivas.

Formación dos traballadores do sector.

Mellora da comercialización dos produtos da pesca.

Diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.

Potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e modernizando a súa tecnoloxía.

Medidas tendentes a procurar a mellora da calidade dos produtos así como a dos

procesos da súa elaboración.

Adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.

Reforzamento das liñas de investigación e iniciación de novos proxectos.

Mantemento dos sistemas de información avanzados nas lonxas e nas confrarías de pescadores.

Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios.

Axudas para o acceso das mariscadoras á pensión de xubilación.

Axudas aos seguros da produción.

O Ente público Portos de Galicia levará a cabo a coordinación do sistema portuario galego para responder ás políticas internacionais de fomento de intermodalidade no transporte, autoestradas do mar e transporte marítimo de curta distancia facilitando, ademais, a relación dos clientes coa administración portuaria e a mellora e modernización dos servizos portuarios prestados nos nosos portos e a adecuación ás normas de seguridade e prevención, respectando a calidade ambiental do ámbito onde se sitúan.

As liñas de actuación atenden aso catro ámbitos seguintes: crecemento, sostibilidade, eficiencia e I+D+i, nas que o denominador común o constitúe a "ecoeficiencia", é dicir, crear máis valor con menos impacto que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural, incrementar os produtos e/ou servizos de valor e a implantación dun sistema de xestión ambiental.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendido como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase en:

Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co ocio e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.

Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementaridades ao tempo que se procura unha relativa especialización. A transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca en plataforma intermodal que posibilita a localización de novos procesos que permitan aumentar o valor engadido das mercadorías e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.

Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os

cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sostibilidade, actuarase en:

Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental. Asegurar o máximo respecto ao medio no desenvolvemento das actividades portuarias. Sercapacesdeinterpretareadecuarainfluenciadocambioclimáticonoscondicionantesdeseñodasinfraestruturasportuariasparaasúaadecciónásnovascondiciónsdemareas,ondadas... Adoptar medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental.

Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como a seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

Fomentar a comunicación entre a Administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...).

Mellora na modernización dos servizos prestados nos portos.

Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.

Amplo desenvolvemento das TIC e aplicación da Administración Electrónica

Dentro da liña estratéxica de I+D+i, actuarase en:

Avanzar nunha mellora substancial da xestión do sistema portuario, coa xeración de coñecemento e crear un clima favorable para a innovación en materias vinculadas á economía, loxística, enxeñaría e outras actividades relacionadas cos portos. Continuar a implantación de novas tecnoloxías que faciliten ao máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria.

A finalidade é a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, que permita desenvolver as súas complementaridades ao tempo que se xera unha relativa especialización destes, adecuándoo á rede xeral do sistema de transporte.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), ten como obxectivo xeral desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico

destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Entre as actuacións de mellora da competitividade e da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, figura a de proporcionar ao sector pesqueiro mecanismos que melloren a súa competitividade, a través do coñecemento sobre as artes de pesca para optimizar a súa efectividade e asesorándoo na adopción de medidas de xestión axeitadas.

Inclúense medidas para a recuperación da capacidade produtiva de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven mermada a súa produción.

Actividades

1. Adecuación e mellora das condicións de zonas produtivas, especialmente para mellorar as condicións sanitarias das zonas de produción marisqueira.
2. Avaliación científica dos recursos e das pesquerías.
3. Axudas a entidades de interese colectivo, asociativas dos profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a xestión dos recursos pesqueiros
4. Axudas para a paralización definitiva de buques pesqueiros.
5. Axudas para propietarios de buques pesqueiros afectados por plans de recuperación duns recursos específicos que impliquen unha paralización temporal da actividade.
6. Axudas destinadas a mellorar a seguridade e as condicións de traballo, a calidade e hixiene dos produtos a bordo dos barcos pesqueiros así coma o rendemento enerxético e a selectividade.
7. Medidas socioeconómicas para apoiar a saída anticipada do sector pesqueiro e a reconversión profesional dos pescadores.
8. Axudas para a construción, ampliación, equipamento e modernización de establecementos de transformación e comercialización.
9. Axudas á pesca costeira artesanal.
10. Axudas a investimentos no ámbito da acuicultura.
11. Accións piloto sobre aplicación de enerxías limpas e renovables ás actividades pesqueiras e sobre a xestión de residuos xerados pola pesca.
12. Colaboración co sector no desenvolvemento de medidas de asistencia técnica para a mellora na xestión dos recursos.
13. Colaboración co sector na realización das actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies, establecendo as condicións de acceso ás zonas de pesca.

Neste programa de gasto inclúense os créditos destinados ás axudas relativas ao

Eixe 2 do FEP: "Acuicultura, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura".

As accións encadradas na regulación das producións e dos mercados da pesca son as seguintes:

Busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisco, para garantir uns estándares de calidade.

Fomentar o consumo de produtos pesqueiros nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos, creando ao mesmo tempo unha cultura de consumo dos produtos pesqueiros.

Potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados "grupos de acción costeira", que permitirán a participación de todos os axentes sociais das áreas que se definan na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.

Posta en marcha dun seguro de mal tempo co obxectivo de incentivar o aseguramento no sector para garantir ingresos aos profesionais do mar en situacións climatolóxicas adversas.

Actividades

1. Programa de formación dos traballadores do sector pesqueiro, na mellora da xestión e tratamento dos recursos pesqueiros.

2 Programa de formación para o tratamento dos produtos pesqueiros frescos.

3 Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos.

4. Programa de formación para o consumo e comercialización do peixe fresco.

5 Creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca.

6. Subscrición dun seguro de mal tempo para o sector.

7. Realización de campañas de promoción de produtos da pesca e de estudos de mercado.

8. Certificación da calidade incluída a creación de etiquetas e a certificación de pro-

dutos capturados.

9 Campañas dirixidas a mellorar a imaxe dos produtos da pesca e a realización de estudos de mercado.

10. Concesión de axudas a proxectos presentados ante os grupos de acción costeira que teñan encaixe nos propios plans estratéxicos para o desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras.

En materia de **Turismo**, as actuacións que leva a cabo a SX de Turismo e a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA), tenden á posta en valor dos recursos de interese turístico así como mellora dos servizos existentes. Levan á consolidación dunha oferta turística de calidade que sirva de base para levar a cabo actuacións de promoción do destino Galicia en termos de excelencia. Son as seguintes:

a) Promoción, potenciación e difusión do sector turístico en Galicia. Para Galicia o turismo é un dos seus principais recursos económicos en termos de Produto Interior Bruto e de poboación ocupada dedicada a este subsector económico.

b) Accións para a mellora da cualificación dos profesionais do sector a través de actividades de formación

c) Planificación dos recursos turísticos da Comunidade Autónoma.

d) O posicionamento de Galicia como destino turístico de prestixio, con imaxe de marca forte, definida e recoñecida.

e) O desenvolvemento da nova imaxe turística de Galicia e da oferta de novos produtos turísticos, que contribúan á desestacionalización e ao incremento do nivel de gasto medio dos visitantes.

f) A mellora da rede de albergues e a promoción do Camiño de Santiago no ámbito galego, estatal e internacional.

No que atinxe á dinamización do sector artesanal galego, establécense as seguintes actuacións:

- Mellora nas técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.

- Fomento e promoción da identidade corporativa asociada á marca “artesanía de Galicia”.

- Contribuír a construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico.

- Acadar unha formación e inserción laboral adecuada.

- Mellora da comercialización dos produtos artesanais.
- Fomento da marca "Artesanía de Galicia".
- Axudas aos talleres artesanais e asociacións profesionais de artesáns para facer un sector máis competitivo e dinámico.

Parte das actuacións deste obxectivo conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través dos seguintes eixes e categorías de gasto:

Eixe 1 de Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC) (categorías de gasto: 01 "Innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico ", 03 "Transferencia de tecnoloxía e mellora das redes de cooperación" e 07 "Investimento en empresas directamente relacionadas coa investigación e a innovación").

Eixe 2 de Desenvolvemento e innovación empresarial (categorías de gasto 08 "Outros investimentos en empresas" e 09 "Outras medidas destinadas a fomentar a investigación e innovación e o espírito empresarial nas PEMEs"

Eixe 4 de Transporte e enerxía (categoría de gasto 30 "Portos")

Eixe 5 de Desenvolvemento Sostible Local e Urbano (categoría de gasto: 56 "Protección e desenvolvemento do patrimonio natural" e "Axudas aos servizos turísticos")

Fondo de desenvolvemento rural (FEADER) e Fondo europeo da Pesca (FEP) a través da gran maioría das medidas

Obxectivo estratéxico OE04/ Criterio 9.- Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto (clasificación funcional):

321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO	32.985.479
322A FOMENTO DA EMPREGABILIDADE	101.010.625
322B INTERMEDIACIÓN E INSERCIÓN LABORAL	14.350.779
322C FOMENTO DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	65.409.819
323A FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	79.357.661
323B MELLORA DA CUALIFICACIÓN NO EMPREGO	33.246.372
324A MELLORA DA ORGANIZ. E ADM. DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL	17.431.312
324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO	10.684.294

Os órganos responsables de levar a cabo actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Consellería de traballo e benestar a través dos centros directivos da área de traballo: a Secretaría xeral, as Direccións xerais de Relacións laborais, de promoción do

emprego e de Formación e colocación, xunto ao Instituto galego de seguridade e saúde laboral e, no eido da seguridade no traballo dos empregados públicos a Consellería de Presidencia e administración pública a través da súa Secretaría xeral.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son.

M01/74 Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos	167.870.788
M02/75 Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción enerxéticamente eficiente	7.259.436
M03/76 Promover a difusión do canle Emprego Galicia	10.211.715
M04/77 Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais	3.022.924
M05/78 Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social	4.943.321
M06/79 Impulsar a ocupación a través do fomento do espírito emprendedor	26.071.600
M07/80 Impulsar a ocupación a través do apoio aos colectivos máis desfavorecidos	20.489.436
M08/81 Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento)	11.440.000
M09/82 Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral	7.498.061
M99/83 Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	95.669.060

Coa finalidade de favorecer a redución da taxa de desemprego na Comunidade Autónoma e para contribuír á mellora das posibilidades de colocación dos desempregados, o programa 322A, "Fomento da Empregabilidade", está constituído por todas aquelas medidas activas de emprego, encadradas no Plan Autonómico de Emprego 2010-2013, que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas no mercado de traballo, por conta propia o allea, e a adaptación da formación y recalificación para o emprego dos traballadores e traballadoras, así como aquelas outras destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos seus primeiros momentos da súa andaina.

Así os obxectivos fundamentais deste programa son:

Promover unha política activa de promoción e de fomento do emprego segundo a estratexia europea do emprego e o Plan Nacional de Reformas, no eido da colaboración institucional e o Diálogo Social e Político.

Diminuír o paro rexistrado e incrementar a poboación afiliada á Seguridade Social en xeral e, especialmente, das mulleres, da mocidade, das persoas paradas de longa duración, das persoas con discapacidade, inmigrantes e das persoas en risco de exclusión social, fomentando a mellora da súa empregabilidade e a súa posterior inserción laboral, con especial atención ás mulleres que sofren calquera tipo de violencia, procurando a independencia económica e a mellora das súas condicións de vida.

Reforzo do enfoque preventivo das políticas activas de emprego, especialmente das de mellora da empregabilidade, a fin de evitar as situacións de paro de longa duración e de

risco de exclusión, acadando un mercado de laboral cun carácter inclusivo, capaz de crear máis e mellores postos de traballo.

Fortalecemento da capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas en busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades, ben sexa pola súas características de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa, ben sexa pola perda inminente de cobertura na súa protección social, facilitando a aqueles que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego unha nova oportunidade laboral mediante a adquisición e reorientación das súas competencias, a adquisición de experiencia profesional, así como a obtención de recursos de subsistencia económica para eles e as súas familias.

Favorecer a incorporación e permanencia dos xoves no mercado de traballo, mediante actuacións específicas dirixidas a mellorar a súa empregabilidade.

Remover os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior aos homes para o cal xestionaranse programas específicos a favor das mulleres, consideraranse colectivos prioritarios nas políticas activas horizontais.

Facilitar a integración laboral ás persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego, tales como a contratación de técnicos e persoal de apoio ou subvencionando a súa contratación temporal por Administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro para a mellora da súa empregabilidade.

Potenciar o desenvolvemento de programas de cooperación mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais, favorecendo así unha mellora das rendas e, consecuentemente, das condicións de vida no medio rural, contribuíndo así á fixación de poboación nas mesmas.

Potenciación dos programas mixtos de formación e emprego a través da súa adecuación ás peculiaridades socio-laborais dos distintos territorios de Galicia e aos novos xacementos de emprego e o artellamento de medidas complementarias que favorezan a inserción laboral dos alumnos e alumnas traballadores que participen nos mesmos.

Apoiar e fomentar o espírito emprendedor a través do establecemento de ferramentas de apoio, asesoramento e difusión da cultura emprendedora e da innovación e que faciliten e poñan ao alcance dos potenciais emprendedores o coñecemento e os medios materiais establecidos polos distintos estamentos públicos e privados para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e proxectos empresariais que, sendo innovadores, promovan a creación de novos postos de traballo vencellados aos novos xacementos

de emprego, preferentemente entre mozos desempregados no medio rural, local e no entorno universitario e contribúan a diversificación do tecido produtivo, garantindo un desenvolvemento económico sostido en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e incrementando o ritmo de creación de empresas.

Posta en valor e redimensionamento da Rede de Técnicos e de Axentes de Emprego da Consellería de Traballo e Benestar que ten como obxectivo fundamental dar a coñecer e difundir o espírito emprendedor e as ferramentas de que dispón a Xunta de Galicia para o asesoramento dos emprendedores e para a análise e apoio de proxectos empresariais a través da consolidación de instrumentos de coordinación, apoio e avaliación da Rede, xestionados conxuntamente con outros departamentos da Xunta de Galicia, para a creación dun entorno propicio para a o emprendemento e a creación de emprego, fomentando o desempeño en rede das funcións propias dos axentes de emprego que suporía a obtención de importantes sinerxias, por compartir todos eles os mesmos obxectivos, tarefas, dificultades, públicos obxectivos, ferramentas de traballo, etc.

Actividades

Dentro do marco normativo xeral constituído pola Estratexia Europea para o Emprego, e o Plan Nacional de Reformas, realizaranse as seguintes actividades co obxecto de conseguir os obxectivos anteriormente expostos:

Establecemento de medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados, especialmente daquelas con maiores dificultades de inserción laboral: os que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, os mozos, as mulleres, os parados de longa duración, os demandantes de primeiro emprego, as persoas con discapacidade, os inmigrantes e os que estean en situación de risco de exclusión social.

Instrumentar actuacións específicas universais que permitan aos xoves galegos a mellora da súa empregabilidade e a súa inserción efectiva no mercado de traballo, de acordo cos seus respectivos itinerarios de inserción.

Incorporar ás persoas con discapacidade no mercado de traballo mediante os programas de adquisición de experiencia e o establecemento de instrumentos de apoio que así o faciliten.

Impulsar o desenvolvemento de novos programas de cooperación no ámbito local en base á posta en marcha de Políticas activas de emprego vinculadas ás grandes áreas urbanas, así como na Galicia non urbana en colaboración coas outras institucións constituídas como son os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs) e os Grupos de Acción Costeira (GACs) e vencellados aos novos xacementos de emprego, mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados por entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, como instrumento idóneo para

fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais, ao mesmo tempo que permiten mellorar a empregabilidade dos traballadores des-empregados, a fin de facilitar a súa posterior inserción laboral, e permitan a fixación de poboación aos respectivos territorios.

Potenciación dos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego a través da súa adecuación ás peculiaridades socio-laborais de Galicia e o artellamento de medidas complementarias que favorezan a inserción laboral dos alumnos e alumnas traballadoras, que faciliten a súa cualificación profesional en alternancia coa realización dun traballo real e produtivo que lles proporcione experiencia laboral en actividades de interese xeral e social que redunden en beneficio da colectividade.

Vinculación progresiva dos programas de mellora da empregabilidade cos itinerarios persoais de inserción.

Utilización de criterios obxectivos para o reparto territorial dos fondos e das medidas de mellora da empregabilidade, en función das necesidades e carencias de cada territorio, vinculados aos itinerarios de inserción

Actualizar a información de axudas da Xunta de Galicia para a creación de empresas, potenciando a innovación vencellada á figura dos Axentes de Emprego, dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) e das Unidades de Promoción e Desenvolvemento (UPD) no asesoramento a emprendedores, nun marco de colaboración e coordinación das políticas activas de emprego e da promoción económica, proporcionando un apoio especializado e integral de calidade nos servizos de acompañamento e asesoramento na implantación de iniciativas empresariais e de emprego.

Establecer novas liñas de colaboración coas universidades galegas e con entidades sen ánimo de lucro que traballen a favor do emprego e dos emprendedores

No ámbito da **formación profesional para o emprego, colocación e cualificacións profesionais** establécense os seguintes obxectivos:

Desenvolver o modelo de Servizo Público de Emprego de Galicia atendendo a unha maior eficacia na intermediación laboral, implementando sistemas de xestión que faciliten os trámites tanto aos desempregados como aos empregadores.

Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.

Conquerir que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias dos nosos traballadores e a competitividade das nosas empresas.

Desenvolvemento do II Plan Galego de Formación Profesional para conquistar a integración dos sistemas de Formación Profesional e o de Cualificacións e acadar os niveis de cualificación profesional que precisa o mercado laboral na nosa comunidade.

Avanzar na investigación e desenvolvemento das cualificacións e da formación asociada, especialmente a formación para o emprego: Os novos certificados de profesionalidade, a través do Instituto Galego de Cualificacións, en colaboración coas demais administracións estatais e autonómicas e os axentes sociais.

Potenciar a formación profesional para o emprego dirixida á poboación activa desempregada, mellorando a súa cualificación e, polo tanto, as súas perspectivas de inserción laboral a través dunha oferta formativa axeitada ás necesidades do mercado de traballo.

Desenvolver e potenciar accións de formación profesional para o emprego, tanto coa impartición de plans de formación sectoriais e intersectoriais como con accións complementarias e de acompañamento á formación.

Potenciar a programación propia de cursos de formación profesional para o emprego en colaboración con outros departamentos da Administración co obxecto de aproveitar ao máximo os centros e recursos dispoñibles.

Completar a rede de centros integrados de formación, de acordo co establecido no II Plan Galego de Formación Profesional.

Potenciar as accións formativas de carácter complementario, experimental e innovador, no ámbito da formación profesional para o emprego, a formación a distancia, telemática, normativización lingüística, formación ambiental e de alfabetización en internet.

Realizar cursos do certificado de profesionalidade de formador ocupacional para formadores de cursos da programación AFD, ademais de cursos monográficos de especialidade didáctica para formadores ocupacionais.

Promover e potenciar os estudos técnicos e publicacións centrados esencialmente no campo das necesidades de formación profesional, busca de emprego e orientación laboral e promoción do autoemprego, analizando as demandas dos sectores produtivos da economía galega e as súas cualificacións específicas.

Potenciar a programación de accións formativas dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade.

Consolidar a xestión da formación profesional para o emprego coa introdución das medidas que, de ser o caso, se consideren oportunas no sistema informático (SIFO II) que lles permita unha xestión máis áxil dos cursos aos centros de formación, tanto propios como colaboradores.

Consolidar a función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, coordinando e adaptando o seu funcionamento ao sistema de información dos servizos públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica entre os demandantes.

Mellorar a función de intermediación laboral, incrementándoa cunha atención específica e de calidade tanto a demandantes de emprego como a empregadores.

Integrar as accións de adecuación de perfís profesionais e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego, os seus centros colaboradores e demais actores do mercado laboral, de xeito que todos os demandantes de emprego poidan ser, dun xeito eficiente, atendidos de maneira personalizada en igualdade de condicións.

Consolidación da realización de itinerarios personalizados de inserción como ferramenta básica de atención aos colectivos máis desfavorecidos ou de difícil inserción, prestando especial atención aos traballadores que esgotaran as súas prestacións.

Potenciar as accións de orientación laboral e asesoramento ao autoemprego, e posta en marcha de novas políticas activas de emprego para determinados colectivos con dificultades no acceso ao emprego a través dos plans integrais de emprego.

Potenciar a mobilidade de demandantes de emprego a través da rede EURES (European Employment Services) mediante dous aspectos básicos:

Achegamento das ofertas de traballo existentes noutros países da Unión Europea aos demandantes da comunidade autónoma.

Atención ao mercado laboral transfronteirizo para facilitar a mobilidade dos traballadores entre Galicia e Portugal a través da oficina EURES TRANSFRONTEIRIZA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.

Promover a formación dos técnicos e persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia, atendendo, non só a súa reciclaxe profesional nas materias de xestión propias das políticas activas de emprego, senón tamén en todas aquelas materias sensibles que teñan relación coa atención aos cidadáns e que deriven nunha xestión eficiente, moderna e cercana ao cidadán.

Implementar o procedemento de recoñecemento da cualificación profesional adquirida a través da experiencia laboral ou vías non formais de formación.

Promover a implantación dos novos certificados de profesionalidade en Galicia, tanto dentro da oferta de formación para o emprego, como a través do procedemento de avaliación e acreditación.

Desenvolver accións de observación e de prospección que proporcionen información sobre a evolución do mercado de traballo en Galicia, ocupacións e perfís profesionais, co obxectivo de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e, en particular, a de a oferta de formación para o emprego.

As grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2011 van ser as seguintes:

Xestión das políticas activas de emprego no ámbito da colaboración entre administracións e os axentes sociais.

Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos programas de formación e colocación, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.

Modernización do Servizo Público de Emprego, co obxectivo de facilitar un servizo áxil e eficaz tanto para os demandantes de emprego como para os empresarios.

Potenciar a formación profesional para o emprego como instrumento dos demandantes de emprego para a súa inserción laboral, adaptándoa ás necesidades existentes no mercado de traballo.

Consolidar a formación profesional para o emprego dos traballadores ocupados, con plans de formación sectoriais, intersectoriais, de autónomos, de economía social e accións complementarias, como elemento fundamental para a mellora da capacitación profesional e a reciclaxe dos traballadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

Implantar os novos certificados de profesionalidade, garantindo o cumprimento dos novos requisitos, especialmente os de acceso dos alumnos, mediante a convocatoria de probas de competencias clave, e a programación da formación asociada ás mesmas.

Desenvolvemento dunha política integral de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, a avaliación e acreditación de competencias, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza.

Dar un novo impulso ao funcionamento das comisións sectoriais, reformulando e delimitando prioridades de actuación, así como unificar metodoloxías e instrumentos de traballo para todas as comisións sectoriais que permitan consolidar os resultados en informes comúns. Con este fin constituirase un gabinete técnico como órgano de apoio ás Comisións Sectoriais.

Promover a constitución e posta en marcha das últimas sete Comisións Sectoriais de Cualificación e Formación Profesional e de Comisións de Estándares Profesionais acorda-

das no Consello Galego de Formación Profesional

Promover estudos de diagnose e caracterización do mercado laboral en Galicia co fin de ter perspectivas tanto cuantitativas como cualitativas da evolución da demanda, da oferta e da contratación das profesións no mercado de traballo galego .

Participar de xeito activo na elaboración de novas cualificacións profesionais e de novos certificados de profesionalidade do Catálogo Nacional.

Avanzar na posta en relación das cualificacións e da formación para o emprego cos sectores produtivos.

Impulsar o labor da Fundación Galega da Formación para o Traballo como instrumento necesario para favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.

Crear un rexistro de Centros inscritos e/ou acreditados para a impartición da Formación para o emprego.

No eido de **promover a difusión do Canle emprego** e coa finalidade de contribuír á redución da taxa de desemprego, realizaranse programas de orientación laboral e programas integrados de emprego, e outras accións innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego, fomentando a participación activa e a mobilidade para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral de mozos, mulleres e outros colectivos.

Os obxectivos fundamentais desta medida son:

Impulsar a inserción laboral dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo: mozos, mulleres, persoas con discapacidade, parados de longa duración, emigrantes retornados e outros colectivos con dificultades de inclusión sociolaboral, con especial atención ás mulleres que sofren calquera tipo de violencia, e aos demandantes de emprego que esgotaran as súas prestacións.

Desenvolvemento dun programa de orientación profesional coa finalidade de prestar un servizo de avaliación e orientación profesional aos desempregados para conseguir unha adaptación da súa formación á realidade do mercado laboral, dun xeito persoal e individualizado e a través dos itinerarios personalizados de inserción.

Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer aos usuarios o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ao desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detección de necesidades, xerar unha oferta de servizos ao

autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.

Facilitar a máxima información sobre o mercado de traballo na comunidade autónoma e no exterior.

Desenvolver ferramentas e procedementos que promovan e melloren a inserción laboral da poboación activa no noso mercado de traballo, procurando a mellora da cualificación dos nosos traballadores segundo as necesidades do tecido empresarial.

No eido da **prevención dos riscos laborais**, a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a Dirección Xeral de Relacións Laborais, teñen como meta promocionar a mellora das condicións de traballo para eliminar ou reducir en orixe os riscos inherentes ao traballo. O programa de gasto asociado é o 324B, que ten as seguintes finalidades:

Fomentar a elaboración e implantación de plans de prevención de riscos laborais, mediante axudas para a prevención de riscos laborais e mediante a realización de actuacións de concienciación dirixidas aos traballadores, empresarios e poboación en xeral.

Dar resposta á necesaria formación básica de empresarios que asumen persoalmente a xestión da prevención, de traballadores designados a tal fin, e de delegados de prevención e membros dos comités de seguranza e saúde, para así lograr unha capacitación mínima de todo os postos de traballo que redunde na necesaria redución da sinistralidade laboral.

Desenvolver as actuacións en materia de seguranza e saúde laboral que como autoridade laboral en Galicia ten atribuídas ao abeiro do artigo 7 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais relativas ao desenvolvemento das accións necesarias para mellorar as condicións de traballo en materia de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo de prevención de riscos laborais.

Impulsar a cultura da prevención de riscos laborais na sociedade galega, especialmente no sistema educativo.

Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.

Promoción da prevención de riscos laborais nas Pemes e Micropemes.

Implantar no sistema educativo un xerme da cultura preventiva, realizando unha coordinación permanente coa autoridade educativa, consolidando as campañas de carácter anual.

Superación das dificultades que se derivan da realidade estrutural das empresas ga-

legas e dos seus traballadores/as, que polas súas características fan necesario reforzar os mecanismo de información e asesoramento en materia de prevención de riscos laborais.

Desenvolvemento de accións de control integradas en materia de seguranza e saúde laboral a través da cooperación institucional.

Mellorar o soporte normativo das accións preventiva na comunidade autónoma mediante a creación do Rexistro de coordinadores e coordinadoras de seguridade e saúde en obras de construción

Fomento da formación especializada en materia de coordinación de seguridade e saúde en obras de construción.

As actividades en que incide este programa son:

Promoción e control dun mellor e máis eficaz cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais:

Impulsar a creación de normativa autonómica relacionada

Fomento de boas prácticas e da prevención e avaliación dos riscos psicosociais no seo das Administracións públicas ou Organismos Públicos.

Difundir a normativa mediante actividades divulgativas (xornadas, seminarios,).

Asesoramento directo a empresas (PEMEs, Microempresas, autónomos); guías de boas prácticas.

Accións de asesoramento, información e divulgación en materia de seguridade e saúde laboral.

Programas específicos dirixidos ás empresas cos maiores índices de sinistralidade

Incremento da calidade e eficacia dos sistemas de prevención nas empresas.

Programas de avaliación da implantación dos sistemas de prevención nas empresas e a asunción da prevención polos empresarios.

Criterios de calidade para garantir un servizo homoxéneo e de calidade

Fortalecer a implicación das institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo:

Reforzo e coordinación das institucións dedicadas á prevención de riscos laborais
Participación activa nos órganos en materia de Seguridade e Saúde no Traballo (Admi-

nistración Xeral do Estado, outras Comunidades Autónomas e Administracións Locais).

Promoción da plataforma de asesoramento público ó empresario, en colaboración co Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo.

Potenciar a formación en materia de prevención de riscos laborais

Integrar a prevención de riscos laborais de forma transversal na formación regrada: ensino primario, educación secundaria obrigatoria (ESO), Formación Profesional e Ensino Universitario).

Capacitación sobre riscos e medidas preventivas para colectivos específicos: empresarios, directivos e mandos directos e intermedios, traballadores, traballadores designados, delegados de prevención, coordinadores de seguridade, traballadores da construción, así como a colectivos especiais (persoas con discapacidade, mozos, mulleres embarazadas ou en período de lactación, traballadores especialmente sensibles). Tamén formación específica sobre riscos ou actividades concretas (traballos con amianto, risco químico, atmosferas explosivas, etc.)

Actualización e formación de formadores e dos profesionais da prevención, e sanitarios con responsabilidades en patoloxía laboral

Introducir e consolidar a cultura da prevención na sociedade galega.

Campañas de sensibilización e concienciación.

Mellorar o nivel do coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde laboral.

Consolidación do Observatorio Galego de condicións de traballo.

Declaración de enfermidades e impulso da investigación sobre saúde laboral e prevención de riscos laborais.

Investigar os accidentes laborais e estudar a epidemioloxía das enfermidades profesionais, así como difundir informes derivados destas investigacións.

Colaboración co Observatorio Estatal de Condicións de Traballo e os Observatorios doutras CCAA no intercambio de información.

Potenciar a I+D+i en materia preventiva e participar na Rede Nacional de Institutos Públicos para a investigación en prevención de riscos laborais.

No ámbito da **promoción e creación de empresas de economía social**

Promover e fomentar o cooperativismo mediante o desenvolvemento das actuacións previstas nos programas operativos do Plan estratéxico para o cooperativismo, como forma de contribuír ao desenvolvemento da política económica e social da comunidade autónoma, así como contribuír á mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.

Impulsar especialmente a divulgación e formación cooperativa, a través da Escola Cooperativa Móbil e a plataforma de teleformación, así como fomentar a presenza do cooperativismo en todos os niveis educativos e a labor investigadora.

Incentivar a creación de emprego a través de empresas de economía social, así como a creación e desenvolvemento de cooperativas.

Apoiar o autoemprego cooperativo así como o investimento coa finalidade de mellorar a competitividade e estratexia empresarial. Fomentar o autoemprego cooperativo, especialmente entre a xente nova e promover a existencia de recursos específicos para o emprendemento cooperativo e para o financiamento de proxectos.

Mellorar a xestión empresarial e societaria das cooperativas.

Promover a incorporación das mulleres aos órganos de goberno e xestión das cooperativas e a mellora da conciliación entre a vida persoal e profesional.

Impulso de programas de I+D+i específicos, particularmente centrados na innovación.

Promover o desenvolvemento cooperativo de base local.

Impulsar a realización de actividades de promoción do cooperativismo e a súa visibilidade.

Apoiar a prestación de servizos de natureza social e á comunidade a través de cooperativas.

Establecemento dun programa de apoio aos desempregados que decidan crear o seu propio posto de traballo, no que se contemple ademais dos incentivos á creación de emprego, o financiamento da súa formación e o seu plan de empresa.

Desenvolverase un mecanismo de anticipo do importe das axudas aos traballadores autónomos para a posta en marcha da súa actividade económica.

Incentivarase a contratación indefinida do primeiro traballador contratado por un autónomo.

Incentivarase o autoemprego de mulleres e mozos, especialmente no medio rural e

no medio marítimo-pesqueiro.

Incentivarase o autoemprego vencellado aos novos xacementos de emprego

A importancia do cooperativismo e a economía social para a vertebración e desenvolvemento de amplos sectores produtivos, as súas potencialidades dinamizadoras no ámbito local e particularmente no ámbito da creación de emprego de calidade, fan necesario fomentar e promover a creación e consolidación deste tipo de empresas, potenciando os seus valores que apostan simultaneamente pola creación de riqueza e pola cohesión e benestar social.

Para un axeitado desenvolvemento do cooperativismo en Galicia resulta preciso incidir na mellora da súa competitividade e activar suficientemente as potencialidades de emprendemento e autoemprego. De igual modo resulta necesario incrementar o esforzo en divulgación e formación, así como impulsar as redes de intercooperación e colaboración empresarial.

No ámbito da **economía social**, tamén se considera a revisión da Lei de cooperativas do ano 98, introducindo novas iniciativas a favor das cooperativas, dotándoas de máis flexibilidade e adaptabilidade ao marco económico actual.

Polo que respecta ao **impulso da ocupación dos colectivos máis desfavorecidos**, estableceranse as seguintes medidas, expostas para cada colectivo con maiores dificultades de inserción laboral:

Persoas con discapacidade

Sabedores das dificultades que atopan as persoas con discapacidade para atopar un emprego, incentivarase a contratación indefinida e temporal destes traballadores desempregados cunha discapacidade igual ou superior ao 33% coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo. Esta medida complementase co programa de emprego con apoio na empresa ordinaria.

Así mesmo fomentarase a creación, ampliación e mantemento dos centros especiais de emprego en canto fórmulas empresariais eficaces para a xeración de emprego estable para persoas desempregadas con discapacidade, que se complementará co programa de unidades de apoio á actividade profesional nos centros especiais de emprego.

Emprego feminino

A busca da igualdade de homes e mulleres no mercado laboral é obxectivo prioritario do goberno de Galicia. A discriminación que sofren as mulleres asalariadas, e tamén no autoemprego e no mundo empresarial require medidas ambiciosas máis alá das que pretenden favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Emprego xuvenil

O paro na mocidade é un problema en si mesmo, pero ademais pon trabas ao seu desenvolvemento persoal e a súa plena integración social. Por iso, a mellora da empregabilidade e a incorporación real ao mercado de traballo da mocidade galega é un obxectivo prioritario da Consellería de Traballo e Benestar.

Mocidade: Fomentárase a inserción laboral dos mozos, especialmente dos mozos sen cualificación.

Incentivarase o emprego autónomo dos mozos.

Fomentaranse as iniciativas emprendedoras de base tecnolóxica impulsadas por investigadores, doutores e titulados universitarios.

Incentivaranse as iniciativas empresariais promovidas, especialmente, por mozos e mozas.

Persoas en vías de exclusión social Na inserción laboral dos traballadores pertencentes a colectivos en risco de exclusión social a Xunta de Galicia ten unha dobre obriga: por unha banda exercer un labor de concienciación social e sensibilización do compromiso de toda a sociedade na busca da súa plena integración e, por outro lado, cumprir coa propia obriga como Administración de poñer en marcha as políticas axeitadas para a súa consecución. Neste aspecto a Xunta de Galicia incentivará a súa contratación apoiando, incluso, a contratación temporal destes colectivos e o desenvolvemento, impulso e apoio das Empresas de Inserción Laboral.

Desempregados maiores de 45 anos

A actual crise económica está a castigar especialmente aos traballadores e traballadoras de máis idade que foron os primeiros en saír das empresas e que teñen grandes obstáculos, a pesar da súa experiencia laboral e alta produtividade, para reincorporarse ao mercado laboral. Por iso a adopción de medidas que fomentan a súa volta ao emprego, xa sexa por conta allea ou por conta propia, é un bo obxectivo estratéxico da Consellería de Traballo e Benestar.

Parados de longa duración

Durante o ano 2009 e debido á situación económica existente deseñouse un ambicioso plan de choque contra a crise e desenvóléronse un grupo de accións urxentes e excepcionais coa intención de mitigar as dificultades económicas polas que pasaban unha fracción importante dos galegos coa perda dos seus postos de traballo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia continuará coas medidas que prioricen a contra-

tación dos traballadores e traballadoras desempregados e ás persoas paradas que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito.

Inmigración e Emigración

Dinamizar o potencial de creación de riqueza que implica a integración laboral do colectivo inmigrante e compromiso de lograr un mercado laboral inclusivo, no que a igualdade de oportunidades e a non discriminación sexan efectivas.

Neste senso favorecerase a integración laboral efectiva dos inmigrantes así como dos emigrantes retornados que fixen a súa residencia en Galicia fomentando a súa contratación estable.

Para **promover a creación de postos de traballo** potenciando o ámbito local e o emprendemento, poñeranse en marcha as seguintes actuacións inscritas nos Programas de Cooperación Local:

Posta en marcha de POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO VINCULADAS ÁS GRANDES ÁREAS URBANAS, así como na Galicia non urbana en colaboración coas outras institucións constituídas como son os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDRs) e os Grupos de Acción Costeira (GACs)

As directrices da Estratexia Europea de Emprego poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local desde a perspectiva de que existen novos xacementos de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego. Consecuentemente con estas previsións, a Xunta de Galicia impulsará os Programas de Cooperación especialmente, con entidades locais, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional, das persoas traballadoras desempregadas que participen nos mesmos, co obxectivo final de acadar un contorno local propicio á creación de emprego e de potenciar o papel das entidades locais como motoras da creación de emprego.

Innovación

A Administración galega é consciente da necesidade de mellorar un dos aspectos máis deficitarios do ámbito económico e laboral galego: a innovación, como elemento clave na mellora da competitividade. A Consellería de Traballo e Benestar deseñará programas de apoio para aproveitar as vantaxes da tecnoloxía e do desenvolvemento da sociedade do coñecemento; estes programas centraranse fundamentalmente na concienciación e sensibilización empresarial, na implantación das tecnoloxías da información e a comunicación nas empresas, co obxectivo último de crear emprego.

No que atinxe á **mellora das relacións laborais**, impulsando a consecución de acordos en materia laboral, as actuacións centraranse en:

Potenciar a mellora da política laboral a través de accións de apoio a empresas en crise ou en procesos de reestruturación non suxeitas a plans de reconversión e aos traballadores afectados por plans de reconversión aprobados

Apoio ás actividades e fomento da participación institucional das organizacións sindicais e empresariais nos órganos da Comunidade Autónoma e fomentar a negociación colectiva.

Fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE) mediante actuacións de apoio, divulgación e

Mantemento do Observatorio Permanente da Responsabilidade Social Empresarial e do Portal Web.

Accións en desenvolvemento da Lei de traballo en igualdade de Galicia: axudas para erradicar a infrarrepresentatividade das mulleres en determinados sectores, fomento de plans de igualdade e medidas que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral.

Apoio ás relacións laborais en sectores de especial relevancia para a economía galega (sector téxtil, ou naval entre outros).

Actuacións de mediación en conflitos colectivos.

Fomento da Responsabilidade Social Empresarial: entre outras accións sinalar as axudas ás empresas para o fomento e implantación da RSE e o fomento e difusión da RSE

As medidas a favor da incorporación ao mercado laboral das mulleres: incentivos á contratación indefinida e ao emprego autónomo de mulleres con maiores dificultades de inserción laboral, apoio a novas iniciativas empresariais promovidas por mulleres, medidas de conciliación da vida laboral, persoal e familiar, e incentivos adicionais para as empresas que contraten a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Desenvolvemento do Proxecto "Empregatex", enmarcado na convocatoria do Fondo europeo á adaptación á globalización (FEAG), para a realización dun programa de apoio a reinserción laboral de persoas desempregadas no sector téxtil.

Premios á cooperación, concursos de iniciativas de proxectos cooperativos, certame "Cooperativismo no ensino", e celebración do Día do cooperativismo.

Posta en marcha da Fundación Centro de Desenvolvemento Cooperativo Transfronteirizo de Verín, con diversos servizos orientados ao fomento cooperativo e como reflexo deste centro establecemento de Redes de Desenvolvemento Cooperativo tanto

no ámbito autonómico como transfronteirizo.


Participación en programas comunitarios no marco de distintas iniciativas (Leonardo da Vinci, SUDOE, POCTEP) para impulsar a I+D+i, a internacionalización e a incorporación das novas tecnoloxías no ámbito da promoción e a formación cooperativa así como a comercialización dos produtos e servizos cooperativos.

Servir de base orzamentaria para a imputación de gastos derivados do normal funcionamento dos servizos administrativos da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

III.2.3. Eixe E3 - Economía do Coñecemento

Este eixe se distribúe do seguinte xeito: o 59% dos recursos van destinados á modernización e promoción das TIC e o 49% restante o absorbe a política a favor da Economía do coñecemento, co impulso da Investigación e o desenvolvemento.

E3 Economía do Coñecemento.



Obxectivo estratéxico OE01 - Criterio 10 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	6.256.922
561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	63.487.531
561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	48.736.710
561C INVESTIGACIÓN SANITARIA	2.071.225

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais e a Dirección Xeral de Montes por parte da Consellería de Medio Rural, a Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e o SERGAS.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/84 Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais	54.993.632
M02/85 Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas	7.198.968
M03/86 Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial	43.239.977
M06/89 Potenciar a investigación no ámbito sanitario	1.684.000
M99/90 Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	13.435.811

No ámbito da **investigación no eido educativo e da universidade** recóllense actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación de infraestruturas e poderase materializar mediante a sinatura de convenios e acordos cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, priorizando aqueles que teñan como finalidade algunha das seguintes:

-Apoio á implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior

-Mellora das infraestruturas dos diferentes campus e colaboración na súa adaptación ás necesidades derivadas do EEES

(Estímanse que 200 profesores universitarios impartirán créditos adaptados ao EEE en 2011)

- Apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación

- Financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese para a Consellería correspondente
- Master oficiais que melloren a calidade da oferta académica do sistema universitario galego
- Apoio para a inserción laboral dos titulados do SUG
- Colaboración e apoio á mobilidade dos estudantes do SUG
- Apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado dirixidas ao alumnado universitario galego.

Para o ano 2011 este obxectivo estratéxico centrarase no apoio ás institucións e grupos universitarios que desenvolvan as liñas de investigación estratéxicas propias da comunidade autónoma. Tamén incluírá liñas de actuación sobre infraestruturas de apoio á investigación como bibliotecas, unidades de transferencia de resultados, etc

Entre outras actuacións destacan:

1. Funcionamento, apoio e coordinación do sistema universitario de Galicia.
2. Financiamento estrutural das universidades galegas para atender as súas necesidades.
3. Subvención aos centros asociados da UNED
4. Consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitaria de Galicia (AC-SUG)
5. Convenios coas universidades.
6. Bolsas a estudantes universitarios.
7. Reparación, ampliación e mellora das instalacións universitarias.
8. Participación no Consorcio de Bibliotecas (BUGALICIA).
9. Axudas as actividades docentes, investigadoras e asistenciais da Fundación Rof Codina.
10. Axudas de intensificación da actividade investigadora.
11. Axudas para consolidación de unidades e estruturas de investigación.
12. Axudas para actividades de integración do SUG.

Estas actuacións teñen como finalidade:

- Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dispoñibles en Galicia

- Potenciar as áreas de alta competencia investigadora de Galicia

- Optimizar un investimento racional en grandes infraestruturas e equipamentos

A maioría das actuacións deste obxectivo levaranse a cabo a través do Plan Galego de Innovación 2011-2015. Dito plan está orientado a conseguir o crecemento e a competitividade das empresas galegas a través de estratexias e programas de innovación eficientes. As súas políticas oriéntanse cara as organizacións empresariais e outros axentes do sistema galego de I+D+I, que consisten en:

- Desenvolvemento de políticas públicas que faciliten a eficiencia en resultados do sistema galego de innovación a través dun sistema de indicadores de impacto contrastable.

- Desenvolvemento de políticas públicas para a xestión de talento que permita incrementar o rendemento innovador das empresas e do conxunto do sistema galego de innovación.

- Desenvolvemento de políticas públicas orientadas a valorización do coñecemento desenvolto nos diferentes axentes do sistema galego de creación de coñecemento (empresa, universidades, e centros de investigación de Galicia)

- Liderar as políticas de innovación dentro das administracións galegas.

As actuacións, distribuídas en subprogramas, son as seguintes:

Subprograma de Investigación, Innovación e Crecemento Empresarial:

Axudas de apoio á investigación empresarial, especialmente a aquelas iniciativas que procuren afrontar procesos de consolidación e crecemento mediante a mellora da competitividade empresarial.

Programas de axudas para a implantación de proxectos de I+D+I empresarial de gran impacto.

Subprograma de valorización:

Establecemento dun cadro de mando de valorización vinculado á eficiencia do sistema de innovación galego, capaz de establecer un cadro de indicadores imprescindible para a implantación dunha cultura de medición dos resultados da innovación empresarial tanxibles e estratéxicos.

Posta en marcha de contratos programa e de liñas de préstamo de apoio ao financiamento de axentes non empresariais do Sistema galego de I+D+I, ligados a consecución dos obxectivos e indicadores de desempeño fixados.

Actuacións dirixidas a promover e alcanzar a reordenación dos axentes existentes no sistema galego de innovación en función dos resultados de innovación empresarial que alcancen. Ditas accións promoverán dinámicas de colaboración e converxencia operativa entre os distintos axentes e o establecemento de programas de xestión baseados en indicadores de desempeño que permitan establecer modelos de financiamento eficientes.

Establecemento de accións específicas de financiamento para aqueles axentes do sistema de innovación galego (xa estean vinculados a universidades, plataformas ou centros tecnolóxicos) de maior eficiencia e calidade, establecendo unha marca (label) e espazos e proxectos compartidos.

Subprograma de apoio financeiro:

Participación no capital fundacional e no sostemento de fundacións, parques científicos e tecnolóxicos, sociedades e entidades públicas ou privadas localizados no entorno do sistema galego de I+D+I, ligado á aceptación da implantación dun sistema de indicadores que permitan a medida dos resultados e dos seus retornos.

Axudas á participación das empresas galegas en convocatorias e programas de financiamento de actividades de I+D+I estatais.

Subprograma de xestión do talento:

Axudas ós procesos de captación e desenvolvemento de talento innovador para empresas.

Accións de captación internacional de talento para proxectos de innovación de alto impacto.

Axudas a empresas que participen do programa XIGA.

Tamén destacan entre outras actuacións:

Axudas ó desenvolvemento de modelos de innovación nas AAPP.

Accións de comunicación, promoción, divulgación e sensibilización social das actividades de I+D+I executadas e/ou promovidas dende Galicia.

Para o 2011 estímase que se levarán a cabo aproximadamente uns 140 proxectos de I+D+i, nos que o persoal asociado será de 242 persoas das que 147 son mulleres.

Este obxectivo inclúe tamén o desenvolvemento de **actividades de I+ D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal**, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural. En materia de investigación é obxectivo prioritario a execución de proxectos de investigación aplicada integrados no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e nos plans estatais e internacionais correspondentes.

Con este obxectivo dáse apoio aos centros tecnolóxicos e de investigación do sector mediante a dotación de recursos para a creación de infraestruturas de servizos tecnolóxicos, así como de preparación de persoal cualificado para traballar neste tipo de actividades.

O INGACAL ten como actuacións a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario galego, pretende actuar de dinamizador, colaborando coa industria agraria e alimentaria, promovendo e participando directamente en actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico neste ámbito así como no eido dos procesos produtivos primarios, e integrando as actuacións realizadas a través dos centros de investigación e estacións experimentais anexas, xunto coas do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia da actual Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, da Consellería do Medio Rural.

Por outra banda, continuarase a desenvolver o programa de consolidación da capacidade investigadora dos centros da consellería, baixo a dobre vertente de: renovar as instalacións e equipamento de apoio á investigación e de formación de novo persoal investigador e de apoio á investigación.

A este conxunto súmase as actuacións do Centro Tecnolóxico da Carne de Ourense, fundación de interese público galego, que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia tecnolóxica e prestación de servizos ás empresas en materias de produción e transformación agroalimentaria, en particular de produtos cárnicos; Así mesmo sinalar a colaboración nas actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola Consellería.

No eido da **investigación no sector pesqueiro e no medio mariño**, xogará un papel moi importante o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar, nas súas sedes de Ribadeo e Vilanova de Arousa, e o Cetmar. Entre as súas actividades destacan:

- Desenvolvemento de proxectos e accións de investigación para a xestión racional dos recursos mariños renovables.
- Dotación de material científico, publicacións, equipamento e demais medios necesarios para o desenvolvemento da investigación.
- Formación de titulados superiores e técnicos superiores en temas de investigación mariña.

- Financiamento do funcionamento, persoal, mantemento e actividades desenvolvidas polo Centro de Investigacións Mariñas.

O ámbito da investigación sanitaria ten como finalidade xenérica o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+I en saúde do Sistema Sanitario Público cara a excelencia científica e para a mellora da saúde dos cidadáns.

Potenciar un modelo de investigación orientado cara a innovación, supón realizar, principalmente, actuacións nos seguintes ámbitos:

- Participar no proxecto do Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela (proxecto de apoio á investigación biosanitaria e ao desenvolvemento nacional, recoñecido como Campus de Excelencia Internacional), a través do apoio aos seguintes elementos clave:

- Darlle alcance para toda a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Implicar ao conxunto do sistema universitario galego.
- Dar participación ao CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas).
- Definir o carácter monográfico de cada un dos centros ou edificios (xenómica, cardiovascular, etc.)
- Implicar ao sector privado, mediante un modelo de colaboración público-privada para a investigación.
- Facilitar o acceso aos programas de investigación máis relevantes da Unión Europea e ás axencias financiadoras a nivel nacional e internacional, a través do establecemento de redes galegas estables e sostibles a longo prazo para a investigación.
- Impulsar o Instituto de Investigación Sanitaria recentemente acreditado en Santiago de Compostela polo Instituto de Salud Carlos III.
- Impulsar os Institutos de Investigación Sanitaria de A Coruña e Vigo e impulsar un traballo en rede destes co de Santiago, como elemento para a captación de recursos.
- Simplificar a estrutura de fundacións para a investigación, reducindo de sete a tres fundacións e impulsando tamén o traballo en rede.
- Valorizar os resultados da investigación como elemento dinamizador económico de Galicia: promover a transferencia de resultados, a creación de empresas biosanitarias (spin-off), o desenvolvemento de patentes e demais accións emprendedoras.

- Potenciar a investigación traslacional.

Parte das actuacións deste obxectivo conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través dos seguintes eixes e categorías de gasto: Eixe I de Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC) (categorías de gasto: 01 "Actividades de I+DT nos centros de investigación" e 02 "Infraestruturas de I+DT (incluídos equipamento, instrumentación e redes informáticas de gran velocidade entre os centros de investigación) e centros de competencia de tecnoloxía específica")

Fondo social europeo (FSE), a través dos eixes e categorías de gasto seguintes: Eixe I de Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios (categorías de gasto 63 "Creación e difusión de formas innovadoras de organización laboral que sexan máis produtivas" e o eixe 3 de Aumento e mellora do capital humano (categoría de gasto 74 "Desenvolver o potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, en particular, a través dos estudos postuniversitarios e a formación de investigadores, e de actividades en rede entre universidades, centros de investigación empresas")

Cooperación transnacional e interrexional, SUDOE, a través dos eixes e categorías de gasto seguintes: Eixe I de Promoción da innovación e a constitución de redes estables (categoría de gasto 03 "transferencias en tecnoloxía e melloras das redes de cooperación") e o eixe 2 Protexer, asegurar e valorar de forma sostible o medio ambiente (categoría de gasto 04 "protexer e promover os espazos naturais, os recursos hídricos")

Obxectivo estratéxico OE02 - Criterio 11 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

A Secretaría Xeral de Medios, a Dirección Xeral de Comunicación, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e RETEGAL da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda e a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que e van desenvolver no ano 2011 son:

As actuacións deste obxectivo estratéxico levaranse a cabo a través de diferentes plans de actuación como Plan de Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e

Telecomunicación e Apoio á Comunicación Social, Desenvolvemento da Rede de Telecentros de Comunicación, Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010, Plan para Normalizar o uso e o aproveitamento das TIC, na comunidade educativa.

No eido da **Sociedade da Información e do Coñecemento**, os obxectivos de RETEGAL (Sociedade Anónima Redes de Telecomunicación Galegas), con carácter xeral, no ano 2011 tenderán a ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operadora de servizos de radiodifusión das televisións e radios de ámbito nacional, autonómico e local con tecnoloxías dixitais e a ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o acceso á sociedade da información de todos os habitantes de Galicia.

Con carácter máis específico, RETEGAL realizará os traballos de despregue de nodos múltiples e reasignación de canles de emisión nos Centros do Múltiple Autonómico e Centros de Homoxeneización dos Múltiples Estatais e Centros de Extensión.

Continuará, igualmente, coas actuacións tanto en infraestruturas civís como en elementos de transporte iniciadas no ano 2010 no marco do Plan de Banda Larga.

Estímase que para o ano 2011 o incremento de poboación con acceso a banda larga será de 250.000 persoas

Tamén colaborará no estudo e avaliación das distintas solucións técnicas para a implantación no ámbito da comunidade autónoma dunha rede de comunicación de emerxencias con tecnoloxía TETRA.

Outro obxectivo para o ano 2011 no eido da cobertura informativa e comunicación social é a de financiar actuacións destinadas a prestar apoio aos medios de comunicación e a potenciar as tecnoloxías da información e as telecomunicacións. Preténdese avanzar na posta en marcha de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios, a promoción dos valores e a imaxe de Galicia e a divulgación da acción institucional da Xunta.

Tamén se busca o apoio á comunicación a través da promoción das novas tecnoloxías, acadando maiores niveis de coñecementos multimedia e audiovisual entre a poboación galega que melloren as súas competencias profesionais e faciliten o seu acceso ao mundo laboral.

No campo da radiodifusión e a televisión, unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, faise necesario seguir ampliando as infraestruturas e redes de difusión de radio e televisión, co despregue de novos múltiples e o cambio de frecuencias. As comunidades autónomas están obrigadas a realizar modificacións nos centros de radiodifusión que dependen delas, o que supón un investimento en equipamento de transmisores para os novos múltiples e novos investimentos no reaxuste e acondicionamento dos equipos aos novos canais radioeléctricos debido ao cambio de frecuencias.

Polo tanto outras das actuacións do obxectivo é a de dotar de medios económicos complementarios á CRTVG e as súas empresas, co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

Neste contexto, e dentro da estratexia do goberno galego en materia de sociedade da información, xorde 2014.gal Axenda Dixital de Galicia co obxectivo de maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información e a comunicación, pasando dunha sociedade que utiliza as TIC a unha sociedade galega que se serve das novas tecnoloxías para xerar crecemento.

Neste programa recóllense as dotacións orzamentarias precisas para poñer en marcha actuacións efectivas que permitan acadar definitivamente a inclusión da sociedade galega no novo contexto dixital ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da administración pública.

Basicamente esas actuacións irán dirixidas á execución e desenvolvemento de distintos plans como son: o Plan de Modernización da Administración Pública; o Plan Director de Seguridade da Información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Plan Director de Telecomunicacións para o despregue da banda larga e o Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza en Galicia.

Así mesmo, tamén cabe destacar o impulso ao desenvolvemento do sector empresarial da sociedade da información e do fomento da aplicación das TIC polo tecido empresarial galego.

No eido da **educación** o programa Fomento da Sociedade da información e do Coñecemento ten como referencia os servizos avanzados da información da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a dotación de equipos informáticos.

É, precisamente, con cargo a este programa que se materializará a adquisición de equipos para procesos de información para os centros de primaria. Facilitaráselle a estes centros mediante liñas ADSL ou outras alternativas técnicas o acceso á sociedade da información: Internet, plataforma e-learning, correo electrónico, etc.

Dentro do equipamento terá un lugar destacado a adquisición de equipos para procesos de información para os centros de ensino secundario e de réxime especial, conexións mediante liñas ADSL ou outras alternativas, facilitando así o acceso dos centros educativos á sociedade da información proporcionándolles acceso a internet, así como a bases de información temáticas, contidos educativos, plataforma de e-learning, correo electrónico, foros para alumnos e profesores e outras ferramentas colaborativas, a través do Portal Educativo da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

O número de alumnos beneficiados de novo equipamento prevese que será de 20.000.

Cabe destacar o proxecto ABALAR que persegue a integración das TIC no modelo educativo galego, co fin de mellorar a súa eficiencia nun proceso de modernización, integrando as tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos educativos.

O centro educativo dixital supera o concepto de centro educativo tradicional e persegue dispor de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

Actividades do proxecto Abalar:

Equipamento e infraestrutura. Dotación de proxectores, encerados dixitais, ordenadores ultraportátiles de alumnado e profesorado, armarios con bandexas para recarga, CPD, cables con canalizacións, acondicionamento de aulas, instalación eléctrica, conexión á rede de educación e a internet.

Contidos e recursos educativos dixitais para o alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa. Posta en marcha dun repositorio de contidos.

Fomento da cultura dixital.

Nos docentes, deseñando un plan de formación específico para a súa capacitación no uso das TIC na práctica docente e proporcionándolles recursos educativos dixitais para empregar nas distintas materias.

Nas familias, difundindo as novas canles e soportes audiovisuais de comunicación, favorecendo con isto o acceso aos servizos que proporciona a administración.

Integración e participación. Disporase dun portal propio, espazo ABALAR, que será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade.

Estímanse para o ano 2011 que serán distribuídos aproximadamente 500 equipos informáticos/multimedia.

Parte das actuacións deste obxectivo conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través dos seguinte eixe e categorías de gasto: Eixe I de Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC) (categorías de gasto: 10 "Infraestruturas telefónicas (incluídas redes de banda ancha)", 13 "Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia da saúde, administración pública, formación, inclusión,

etc.)" e 14 "Servizos e aplicacións para as pequenas empresas (comercio electrónico, educación/formación, conexión a unha rede...)").

III.2.4. Eixe E4 - Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.


A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe é a seguinte:

o 55,5% dos recursos irán destinados ao obxectivo estratéxico 2 / criterio 13, coa finalidade de lograr un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única, no que a partida destinada ás corporacións locais de Galicia, absorbe un elevado número de recursos.

○ 40,4% destinarase ao obxectivo 1 deste eixe, é dicir a Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia

○ 4,1% restante diríxese ao logro da eficiencia enerxética.

E4 Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.



Obxectivo estratéxico OE01 - Criterio 12 Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

541A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	4.119.544
541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	27.630.342
541C PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO	16.398.876
541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	18.731.499
541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	4.853.960
542A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	18.293.557
542B INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO	101.859.202

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

A Secretaría Xeral, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a Direc-

ción Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Rural e a Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/97 Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe	68.441.043
M02/98 Optimización da Xestión de Residuos	80.105.405
M03/99 Reducción dos niveis de emisión e vertido de sustancias contaminantes, especialmente dos produtos enerxéticos do carbón e gases de efecto invernadoiro	111.067
M99/100 Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	43.229.465

As actuacións deste obxectivo estratéxico realizaranse a través dos plans Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, Plan de Infraestruturas hidráulicas e traballo medioambientais 2009-2013, Plan de abastecemento de Galicia, Plan de saneamento de Galicia, Plans sectoriais de saneamento nas rías galegas, Plan de control de vertidos en Galicia-costa, Plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020, Programa marco galego fronte ao cambio climático, Plan de sostibilidade de Galicia, Plan de ordenación do uso público do medio natural, Plan de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, Plan de protección e xestión dos espazos naturais protexidos e as paisaxes, Plan de recuperación da riqueza cinxética e piscícola, cumprimento da directiva 91/271.

No que respecta á **Ordenación do territorio e política medioambiental** para a posta en valor da natureza e a paisaxe cabe destacar:

Os espazos Naturais Protexidos e a Rede natura 2000 nos que se concentrará o esforzo de conservación, conscientes do papel que estes territorios teñen non só na conservación senón na posta en valor e nas novas oportunidades de emprego e riqueza.

Prevese a realización de aproximadamente 167 actuacións en zonas de Rede Natura, para o 2011.

A conservación da biodiversidade como expresión da preservación da vida silvestre, así como a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro. Tamén están as necesidades relativas a aplicación de políticas preventivas, funcións de policía e vixilancia, control e prevención de impactos no medio natural; así como a promoción e ordenación do aproveitamento das especies da fauna cinxética e da piscícola nas augas continentais, asegurando unha xestión sostible das mesmas.

A divulgación, a información, a educación e sensibilización ambiental, constituirán outro elemento de fomento de cara a garantir a participación pública no contexto do dereito constitucional de gozar dun medio axeitado.

O fomento da agricultura multifuncional e sustentable: Os obxectivos que se perseguen son o apoio á conservación da biodiversidade, o fomento de métodos de produción compatibles coa protección do contorno e a remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais da actividade agraria.

Nesta mesma medida recóllese a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade coas seguintes actuacións:

- Accións para a optimización socioeconómica e para o desenvolvemento sostible da poboación da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos a través da mellora dos hábitats e da paisaxe rural.

- Protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais situados na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (Reserva Natural, Parque Natural, Parque Nacional, Monumento Natural, Humedal Protexido, Paisaxe Protexida e ZEPVN).

Acadar estes obxectivos implica, por unha parte, manter unha ampla rede de espazos naturais protexidos, así como o establecemento de ferramentas de planeamento activas específicas de conservación de ENP e protección de especies nos seus hábitats e, por outra, involucrar á sociedade na protección dos mesmos. Neste senso, cómpre, polo tanto, desenvolver accións que permitan harmonizar a conservación coa poste en valor do medio natural e dos seus compoñentes, fomentando as accións que deriven nunha participación nos beneficios económicos e sociais a partir da xestión sostible do mesmo.

Os beneficios a conseguir son:

Mantemento nun estado de conservación favorable de hábitats e especies así como da paisaxe mellorando o estado de conservación da biodiversidade, e dos seus compoñentes

Posta en valor e desenvolvemento sostible social e económico dos territorios con marcado carácter ambiental.

Lograr unha representación axeitada dos hábitats e das especies propios de Galicia que garanta a súa conservación activa dentro das políticas de espazos naturais protexidos consolidando unha rede de espazos protexidos nun estado adecuado de conservación. Ultimar a aprobación e aplicación dos instrumentos de planeamento dos espazos naturais protexidos.

Mellorar a situación de apoio o desenvolvemento e ós habitantes, empresas ONG, entidade e institucións locais da área de influencia dos Parques Naturais, do Parque Nacional e dos espazos naturais protexidos, axudando a manter o tecido poboacional das áreas incluídas nos espazos.

Mellorar o nivel socioeconómico das poboacións que están integradas nos espazos protexidos, fomentando actividades produtivas respectuosas co Medio Ambiente, e a distribución equitativa dos beneficios ambientais.

Fomentar a participación das persoas e dos colectivos implicados na conservación do medio ambiente e na toma de decisións ambientais.

Dotar os espazos naturais das infraestruturas, equipamentos e servizos ambientais con suficiente oferta e calidade para o goce dos usuarios ordenando o uso sociorecreativo do medio natural compatibilizándoo coa conservación do mesmo e garantindo un uso racional do medio natural acorde coas demandas dos usuarios e coa fragilidade dos ecosistemas.

. Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a Natureza

Compensar aos agricultores e gandeiros polos danos sufridos nas súas explotacións, producidas pola fauna silvestre.

Mellorar o benestar dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

O plan de Sostibilidade de Galicia ten as seguintes actuacións:

a) Orde de axudas a concellos para proxectos de educación para a sustentabilidade nos plans xerais de ordenación municipal.

b) Actividades de educación para a sostibilidade

c) Actividades de promoción e fomento da sostibilidade

d) Accións de fomento das Axendas 21 Locais

No eido da **mellora da avaliación ambiental** prevense as seguintes actuacións:

Establecemento dos procedementos que garantan que as declaracións de impacto e efectos ambientais, así como as autorizacións ambientais integradas, sexan resoltas no menor tempo posible e dentro do rigor absoluto ao disposto na normativa ambiental.

Posta en marcha de actuacións de minimización de impactos.

Medidas de apoio aos concellos, empresas e asociacións e federacións sectoriais que lles permitan garantir a vertente ambiental na súa toma de decisións.

b) Fomento da introdución nas empresas de novas tecnoloxías dirixidas á prevención

e redución da contaminación ambiental, en particular a redución dos residuos e emisións de gases efecto invernadoiro, así como á implantación de sistemas de xestión e control ambiental.

c) Mellora e mantemento das redes de estacións de medida dos distintos factores que integran o control da calidade ambiental, en particular da rede de captación e transmisión dos datos.

d) Impulso das actuacións desenvolvidas polo Laboratorio de medio ambiente de Galicia, mellorando a súa dotación de medios e equipos instrumentais de medida e potenciando as súas acreditacións, coa finalidade de asegurar a máxima calidade nas análíticas realizadas.

Tamén se engloba nesta medida o coñecemento do medio ambiente e o fomento da sustentabilidade: o coñecemento do medio ten como obxectivo a consecución duns niveis óptimos de investigación, observación e información ambiental. Desenvólvese mediante a instauración dunha completa rede de observación ambiental que permita realizar o seguimento continuo do estado dos ecosistemas de Galicia e a posta en marcha de programas de investigación que conduzan á mellora da capacidade predictiva dos riscos naturais.

En canto ao referente ao fomento do desenvolvemento sostible, persegue a introdución de criterios de sustentabilidade no planeamento.

Tres son os eixos fundamentais de actuación nos que se baseará a política de acción encamiñada cara á consecución dos obxectivos:

1) Introducción de criterios de sustentabilidade no planeamento:

Debido ao sometemento á Avaliación Ambiental Estratéxica dos planeamentos elaborados polas diferentes administracións públicas de Galicia. A axilización e a mellora da calidade na realización deste procedemento é o obxectivo fixado para o ano 2011.

2) Accións fronte o cambio climático.

Durante o ano 2011 poñeranse en marcha as seguintes accións:

a) Realizarase as primeiras actuacións de posta en marcha do Programa marco de acción fronte o Cambio Climático 2010-2020, centradas nas accións de redución de emisións, adaptación ao cambio climático, investigación e observación e divulgación e formación.

b) Así mesmo levaranse a cabo as actuacións necesarias para incorporar a Galicia o novo paquete europeo de enerxía e cambio climático, en particular no referente o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

c) Fomentárase a divulgación e formación sobre os efectos deste fenómeno global e as formas de colaboración entre os cidadáns galegos: obradoiros, páxina web, exposicións, calculadora de CO₂, documentais, etc.

3) Información e investigación ambiental.

a) Mantemento do sistema de información ambiental (SIAM)

As actuacións no eido da información ambiental veñen marcadas pola crecente necesidade de proporcionar unha mellor e máis completa información á sociedade sobre o estado do medio ambiente e as variables relacionadas co desenvolvemento sostible. Para estes efectos, empréganse, fundamentalmente, dous instrumentos: a páxina web e o Sistema de información ambiental (SIAM), que incorporará información actualizada de calidade. Así mesmo potenciarase coa publicación dos indicadores ambientais de Galicia.

b) Observación e predición ambiental.

A elaboración dunha predición meteorolóxica de calidade permitirá facilitar a adopción de medidas preventivas para protexer a poboación e os diferentes sectores fronte ás situacións meteorolóxicas potencialmente adversas. Neste senso, compre destacar a posta en funcionamento dun radar meteorolóxico, que constitúe o instrumento central do plan de prevención de riscos hidrolóxicos e do seguimento de adversos meteorolóxicos.

No ano 2011, consolidárase a Rede de Observación Ambiental de Galicia (ROAGA) na que se potenciarán as medidas de calidade das augas, tanto continentais como mariñas costeiras e de transición, para dar resposta a Directiva Marco da Auga.

Asemade, a necesidade de observar, analizar e predicir os potenciais efectos dos cambios ambientais sobre os ecosistemas de Galicia, fai preciso potenciar a rede de observación do territorio, constituída por estacións de seguimento situadas en ecosistemas representativos de Galicia, nos que se leva a cabo unha toma de mostras periódica de variables físicas, químicas, xeolóxicas e biolóxicas, instalándose sensores automáticos que rexistren a variabilidade ambiental a curta escala.

c) Fomento da investigación ambiental.

As actuacións en investigación articularanse en torno aos seguintes obxectivos:

- Desenvolver proxectos de investigación, tanto exclusivos da nosa comunidade como integrados noutros de carácter nacional ou de ámbito europeo, traballando de modo coordinado con outros grupos de investigación dos diferentes ámbitos citados. Continuarase cos proxectos de investigación xa comezados procurando traducilos resultados dos mesmos en aplicacións operativas.

- Complementar a rede de observación do territorio de Galicia con sistemas de investigación e información capaces de desenvolver o coñecemento sobre o comportamento dos sistemas naturais, necesario para previr, mitigar e restaurar os efectos que o cambio ambiental ou os eventos adversos accidentais produzan sobre os ecosistemas.

- Impulsar a investigación en prevención de riscos naturais que permita desenvolver modelos predictivos e plans de continxencia axeitados para previr riscos meteorolóxicos, de incendios, derivados de vertidos acuáticos e mariños e de emisións á atmosfera.

- Impulsar a investigación e observación en meteoroloxía e oceanografía, mellorando así a predición meteorolóxica e oceanográfica da nosa Comunidade.

- Impulsar a investigación nas empresas de Galicia facilitando o desenvolvemento e seguimento de proxectos de investigación desenvolvidos nelas.

No tocante á **política medioambiental no medio natural marítimo** o que se pretende é:

- 1) Evitar os danos producidos por episodios de contaminación.
- 2) Prevención e control das actividades que poidan afectar negativamente á sostibilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.
- 3) Asesoramento e apoio ao sector para a definición e establecemento de novas figuras de protección e xestión de áreas mariñas de interese pesqueiro, e a mellora dos seus mecanismos de xestión.

A través das seguintes actividades:

- 1) Prevención e control da contaminación do medio natural mariño.
- 2) Dotación de medios á inspección pesqueira e ao salvamento marítimo.
- 3) Control da actividade pesqueira.
- 4) Mellora no control das accións ilegais na explotación dos recursos.
- 5) Contribuír á seguridade da vida humana no mar, participando en tarefas de rescate e salvamento.
- 6) Mantemento das dúas reservas mariñas de interese pesqueiro existente e outras figuras de preservación dos recursos mariños

Outra importante medida dentro deste obxectivo estratéxico é a **optimización da**

xestión de residuos:

Debe destacarse de xeito significativo o inicio da posta en marcha das medidas previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 as cales se estenden a diferentes ámbitos:

Prevención e redución da produción, partindo dunha política de prevención e comunicación a todos os niveis (produtores, consumidores, entidades locais, etc.) propiciando un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo así como nos modelos de xestión, promocionando un uso máis eficaz de los recursos.

Fomento da recollida selectiva en orixe de todas as fraccións, promovendo o mercado da reciclaxe a través do aumento da dispoñibilidade de información, así como da súa promoción na contratación pública.

Ampliación das infraestruturas ambientais de tratamento de residuos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Fomento da formación e concienciación co fin de implicar á cidadanía e ás distintas organizacións nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores.

Potenciar os medios que garantan a calidade e transparencia da información nesta materia, a través da creación dun sistema compartido e homoxéneo de información estatística, que estea a disposición da poboación e que sexa facilmente comprensible.

O impulso do correcto funcionamento dos puntos limpos para axudar a garantir mellores índices de recollida e o óptimo aproveitamento dos materiais presentes nos RSU.

Prevese para o 2011 dúas novas plantas de tratamento de residuos creadas ou melloras

Así mesmo se seguirá avanzando na dotación á Comunidade Autónoma dos equipamentos, sistemas e infraestruturas necesarias que garantan unha axeitada xestión de residuos no noso territorio, apostando pola autosuficiencia territorial, reducindo os custos de transporte.

No tocante á **xestión da auga**: As infraestruturas e a xestión de abastecemento e saneamento recolle todo o relativo á construción e explotación das infraestruturas dos servizos públicos de suministro de auga potable e de recollida das augas residuais, aspectos centrais no ciclo da auga. Realizaranse, ademais, as obras hidráulicas que teñan como obxecto a mellora de marxes de ríos.

Os obxectivos para o ano 2011 son:

-Potenciar as infraestruturas básicas, en materia de saneamento e abastecemento, que permitan unha maior accesibilidade e unha mellor xestión dos recursos hídricos aos sectores produtivos e ás áreas urbanas e rurais.

Estímase que a poboación adicional servida por proxectos de depuración da auga será aproximadamente de 320.000 persoas o vindeiro ano.

-Mellora da calidade das augas dos ríos e rías de Galicia.

-Garantir o suministro de auga en calidade e cantidade adecuada a todos os núcleos de poboación fixa superior a 50 habitantes da Comunidade Autónoma antes do ano 2025, atendendo a un uso racional e sostible.

-Dar cumprimento ao Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa

-A colaboración técnica e financeira coas entidades locais.

O abastecemento e saneamento das augas lévase a cabo a través do organismo autónomo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, coas seguintes liñas de actuación

1.- Plan hidrolóxico de Galicia-Costa

Avaliación dos recursos hídricos existentes, afondando no grao de coñecemento da súa calidade, coa fin de optimizar a súa xestión e a priorización dos usos da auga.

Ordenación e recuperación de marxes e ribeiras, co fin de evitar impactos ambientais negativos.

Redacción do estudo preliminar do risco de inundacións en Galicia Costa

Inicio da elaboración do Plan de Seca

2.- Plan de control de vertidos

Mediante a realización de numerosas campañas de inspección, detección e control de vertidos existentes ao dominio público hidráulico e dominio público marítimo-terrestre na Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa, que é o ámbito competencial do organismo Augas de Galicia.

3.- Plan Auga

O Plan de Auga, plan de abastecemento de Galicia, será a ferramenta básica de planificación da Administración Hidráulica de Galicia para o desenvolvemento das actuacións en materia de abastecemento e xestión dos recursos hídricos. En consecuencia, desenvol-

veranse as actuacións necesarias para garantir o subministro de auga en calidade e cantidade adecuada a todos os núcleos de poboación que indique a planificación, atendendo a un uso racional e sostible.

4.- Plans de saneamento local das rías galegas

Augas de Galicia continuará desenvolvendo os plans de saneamento local das rías galegas, plans que constitúen un cambio de estratexia en materia de planificación nas rías galegas. Estes plans teñen o obxectivo de estudar o sistema de saneamento no seu conxunto, e no que se definirán as actuacións precisas e necesarias para o control das augas pluviais, atendendo ás últimas técnicas de drenaxe sostible, e tendo en conta o medio receptor no que nos atopamos.

5.- Cumprimento da Directiva 91/271/CEE

Dentro de este apartado o máis salientable é o inicio da execución da sobras previstas no convenio subscrito entre a Xunta de Galicia e ACUNOR para a mellora do saneamento da ría de Vigo.

6.- Obras de interese xeral do Estado

Augas de Galicia continuará colaborando coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, co obxecto de axilizar a realización das obras declaradas de interese xeral na Comunidade Autónoma de Galicia a través da Lei do plan hidrolóxico nacional.

Parte das actuacións deste obxectivo conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través dos seguintes eixes e categorías de gasto: Eixe 2 de Desenvolvemento e Innovación Empresarial (categoría de gasto: 06 "Axuda ás pequenas empresas para a promoción de produtos e procesos de produción respectuosos do medio ambiente (introdución de sistemas efectivos de xestión medioambiental, adopción e utilización de tecnoloxías de prevención de contaminación, integración de tecnoloxías limpas), Eixe 3 de Medio Ambiente, Contorno Natural, Recursos Hídricos e Prevención de Riscos (categorías de gasto: 44 "Xestión dos residuos domésticos e industriais", 45 "Xestión e distribución de auga (potable)", 46 "Tratamento da auga (augas residuais)", 47 "Calidade do aire", 48 "Prevención e control integrada da polución", 50 "Rehabilitación dos centros industriais e terreos contaminados", 51 "Fomento da biodiversidade e protección da natureza (incluído Natura 2000)", 53 "Prevención de riscos (incluídas a elaboración e posta en marcha de plans e accións para previr e administrar os riscos naturais e tecnolóxicos)" e 55 "Fomento da riqueza natural") e o Eixe 5 de Desenvolvemento Sostible Local e Urbano (categoría de gasto: 56 "Protección e desenvolvemento do patrimonio natural")

Cooperación transnacional e interrexional, INTERREG IVB Espacio Atlántico, a través

dos eixes e categorías de gasto seguintes: Eixe 2 de Protexer, asegurar e valorar de forma sostible o medio ambiente (categorías de gasto: 01 "Mellorar a seguridade marítima", 02 "Protexer e xestionar de forma sostible os recursos naturais") e Eixe 4 de Promover as sinerxías transnacionais en materia de desenvolvemento (categoría de gasto: 01 "Crear un fondo común de recursos e destrezas") e SUDOE, a través do eixe 2 Mellora da sustentabilidade para a protección e conservación (categoría de gasto 53 "Prevención de riscos")

Fondo Europeo de Pesca (FEP), a través do Eixe 3 de Medidas de interese colectivo (categoría de gasto 2 "Medidas de protección de fauna")

Obxectivo estratéxico OE02 - Criterio 13 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

141A ADMINISTRACIÓN LOCAL	8.631.099
451A FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	33.356.682
521A URBANISMO	31.150.208
551A INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	41.703.638
712A FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	29.207.241
811B TRANSF. A ENTIDADES LOCAIS POR PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA C.A.	114.324.062
811C OUTROS SOPORTES FINANCEIROS ÁS ENTIDADES LOCAIS	5.355.000

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

A Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/101 Creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbáns xeradoras de mellores servizos, máis eficientes e integradoras territorialmente	5.102.540
M02/102 Fixación da poboación e a súa distribución máis eficiente, diminuíndo a súa dispersión	17.359.836
M03/103 Diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas, na liña dos Plans Impulsa Lugo, Impulsa Ourense e Ferrolterra e Comarca de Ortegal	53.551.043
M04/104 Establecemento dun novo esquema de gobernanza cos concellos, introducindo fórmulas de cooperación co fin de prestar servizos máis eficientes e sostibles	5.829.792
M05/105 Reforzo e colaboración coas administracións locais, para facilitarlles a mellora da atención aos cidadáns e iniciar novas formas de cooperación e gobernanza	121.481.901
M07/107 Promover a calidade da vivenda e da rehabilitación	33.356.682
M08/108 Posta en valor do Plan HURBE en colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma	14.961.241
M09/109 Creación do Sistema de Información Xeográfico e Corporativo da Xunta de Galicia	2.735.624
M99/110 Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	9.349.271

As actuacións deste obxectivo realízanse a través dos seguintes plans de actuación o Plan HURBE, o plan de Ordenación do litoral, o Plan galego de cartografía e información xeográfica, Directrices de ordenación do territorio, Plan de ampliación do parque de vivendas de promoción pública e mellora das existentes, Plan de acceso á vivenda, Plan de fomento da rehabilitación da calidade da vivenda, Plan de mellora do planeamento urbanístico e o Plan de modernización da Administración Pública 2010-2013.

En canto a **creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbanas** para a consecución de mellores servizos, máis eficientes e integradoras territorialmente as actuacións previstas son as seguintes:

a) A materialización e posta en práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio; contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación e protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural.

b) O fomento da formación e da investigación, e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo, do seguimento e control da actividade urbanística, sen prexuízo das competencias dos municipios e o requirimento de anulación de actos de aprobación de instrumentos de planeamento e xestión urbanística e da participación cidadá na formulación, tramitación e xestión do planeamento territorial e urbanístico.

c) A realización de actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

d) Programa de Axudas ó Planeamento Urbanístico Municipal. En Galicia, moitos concellos carecen de plans de ordenación municipal, o que está a impedir o desenvolvemento ordenado do seu territorio e a aplicación de criterios de crecemento sostibles. A

situación é provocada en parte por la falta de medios dos concellos. Para solucionar este problema habilitaranse novas e máis amplas axudas (tanto económicas como en materia de asesoramento técnico) co fin de facilitar a elaboración e tramitación dos plans de ordenación municipal e polo tanto, o desenvolvemento sostible do noso territorio.

e) A posta en valor do **plan HURBE** en colaboración coas entidades locais da Comunidade autónoma, co obxectivo de executar equipamentos, contribuír ao reequilibrio territorial da Comunidade, fomentar a creación e mellora dos espazos de encontro e recuperar os espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico. As actuacións realizaranse coa colaboración dos concellos, xa que son as administracións máis próximas ao territorio e aos cidadáns, mediante o desenvolvemento dos programas de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos, para dar cobertura ás necesidades da cidadanía. O obxectivo é que, ata o ano 2014, o 40% de concellos de Galicia sexan beneficiarios dunha axuda. Estímase que como resultado das medidas deste plan haberá unha superficie de espazos públicos de nova creación de 27.346 m² e remodelados de 57.856 m².

As actuacións sobre a paisaxe son a continuación coas accións de elaboración de catálogos de paisaxe, o deseño da estratexia de promoción-formación, divulgación, sensibilización e participación social en materia de paisaxe e a participación na rede Europea para o Desenvolvemento do Convenio Europeo da Paisaxe.

As actuacións sobre a cartografía son as accións de seguimento da elaboración da Base Topográfica Armonizada de Galicia (BTG) 1:5000, correspondente a superficie a cartografiar no ano 2011, e as accións de seguimento da elaboración do Plan Nacional de Ortografía Aérea (PNOA), correspondente a superficie a cartografiar no ano 2011.

Para **a fixación e a distribución máis eficiente da poboación**, diminuíndo a súa dispersión, e **a diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia**, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas levaranse a cabo actuacións para:

1. Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de Pemes, fomento da diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades económicas vencelladas ao mundo agroforestal, apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego.

2. Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, a través da creación e consolidación de dotacións, equipamentos, infraestruturas e servizos básicos para o desenvolvemento no medio rural, fomento das novas tecnoloxías da información no

medio rural, conservación e uso sostible do patrimonio natural e cultural rural.

3. Articular a planificación e coordinación de investimentos no rural e potenciar as sinerxias e efectos multiplicadores das actuacións horizontais, a través da execución de estratexias locais de desenvolvemento, fomento do tecido asociativo social, cultural e económico no medio rural, fomento da participación pública e privada no proceso de desenvolvemento rural.

As actuacións que se van realizar son as seguintes:

1. Convocatoria de axudas para proxectos de diversificación económica e mellora da calidade de vida no medio rural.

2. Execucións directas en equipamentos que permitan achegar as novas tecnoloxías ao medio rural. Cabe polo tanto a execución a través de convocatorias y/o convenios con outras institucións, asociacións de empresarios, de veciños, culturais, etc.

3. Programa Leader Galicia 2007-2013. Superada a fase de selección de Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) e dos seus programas, cun intenso labor de posta a punto dos órganos dos GDR e dos seus equipos técnicos, e comezada a aprobación dos proxectos do período, compre acadar un nivel axeitado de execución. Inclúense aquí tanto as actuacións vinculadas ás estratexias de desenvolvemento, como o relativo ao funcionamento dos Grupos de Desenvolvemento Rural responsables de levalas a cabo, como o programa de cooperación entre territorios rurais para a transferencia de coñecemento e o fomento do traballo en rede.

4. Coordinación das actuacións recollidas nos plans de zona e do Programa de desenvolvemento rural sostible 2010-2014.

5. Premios AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural.

Para a modernización do medio rural, como un dos retos máis importantes que ten Galicia, é necesario afondar na diversificación económica do medio rural, cun modelo que fixe a poboación ao territorio, baseándose nas seguintes liñas:

1. Mellora da calidade de vida da poboación no rural. No rural, son imprescindibles servizos públicos suficientes e de calidade. Neste senso, é necesario investir na mellora de infraestruturas e servizos básicos á poboación.

Para a consecución desta liña de actuación establécense os seguintes proxectos:

a) Plan Estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural. As fortes deficiencias que existen nas zonas rurais de Galicia, urxen a adopción dunha política intensiva en materia de infraestruturas, necesarias para a dotación, conservación e mellora dos servizos básicos

elementais (camiños rurais, abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos dos núcleos de poboación, e outros) que, pola súa natureza, supoñen un importante desembolso económico para as administracións locais. Con este Plan, invístese en todos os concellos de Galicia utilizando uns parámetros que pretenden lograr un principio básico de equidade e converxencia.

b) Proxectos de Infraestrutura Rural . É necesario investir, naquelas zonas do territorio galego nas que, polas graves carencias de infraestruturas básicas, sexa urxente e necesario dotar á poboación rural dun nivel de vida adecuado, aproximándose ao que se ten en ámbitos urbanos.

2. Mellora da estrutura das explotacións. Neste senso, é imprescindible un apoio as mesmas para que, por unha parte, logren unha diminución de custos, redimensionando a súa base territorial (concentración parcelaria, mellora de accesos as explotacións, etc.) e, doutra, incrementen os seus ingresos, mellorando os sistemas de produción (posta en cultivo de terras improdutivas, mellora e consolidación de regadíos, etc.)

Para o logro desta liña, levaranse a cabo os seguintes proxectos:

a) Programa de mellora e reordenación das estruturas agrarias. Neste programa, dedicado á concentración parcelaria, pretenderase:

- Continuación das políticas de concentración da terra agraria.
- Perfeccionamento dos procedementos de selección de zonas, asociándoas, fundamentalmente, a procesos produtivos, onde os investimentos públicos sexan máis efectivos.
- Promoción de instrumentos para a integración e redimensionamento das explotacións en zonas de concentración parcelaria, prestando ademais especial apoio ao asociacionismo produtivo nelas.
- Axilización e racionalización nos procedementos de concentración, na procura de limitar, no tempo, os custos ou perdas en que incorren as explotacións durante o procedemento de concentración parcelaria.
- Respecto co Medio Ambiente e o Patrimonio de Galicia, na procura de racionalizar o proceso de concentración parcelaria, respectando os valores ambientais das zonas, incluídos nas respectivas declaracións de impacto ambiental, así como os valores patrimoniais existentes dentro das zonas.

b) Mellora das Infraestruturas relacionadas coas explotacións. Preténdese fomentar unha actividade económica continuada e diversificada no medio rural, mantendo os sectores agrícola, gandeiro e forestal, preferentemente nas zonas rurais consideradas prioritarias. Neste senso, foméntase a mellora dos accesos as explotacións de vacún e viñado en

diversos concellos de Galicia, contribuíndo na diminución de custos nestas explotacións, pola mellora da súa accesibilidade.

c) Mellora e consolidación de regadíos existentes. Respecto das infraestruturas de regadío, tentarase de optimizar o aproveitamento dos recursos hídricos na agricultura, mellorando os sistemas de xestión da auga e utilizando métodos que permitan aforros de caudal e de enerxía, diminuíndo os posibles efectos negativos sobre o medio ambiente, e permitindo a compatibilización dos usos da auga nos distintos eidos sociais, económicos e ambientais implicados.

Para poder acadar o **fomento das liñas de colaboración cos concellos** en canto a dotacións e infraestruturas para a materialización das súas competencias á hora de prestar servizos á cidadanía, así como o establecemento de **programas de cooperación coas entidades locais** para a mellora de servizos públicos e a implantación da e-Administración no ámbito das entidades locais, realizaranse as seguintes actuacións:

- Accións de mellora de servizos públicos e realización de programas conxuntos coas entidades locais nunha superficie estimada de 16.969 m² de espazos públicos e remodelados.

- Subvencións para o financiamento de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais nos concellos.

- Subvención para o financiamento de obras e equipamentos para a prestación de servizos municipais e ao equipamento do seu mobiliario.

- Fomento das TIC e e-Administración como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade.

- e-Administración: renovación do Portelo Único, a previsión é que chegue a 16 concellos.

- e-Administración: creación dun catálogo con todos os procedementos tramitados pola administración local, cunha previsión para o 2011 de 90 procedementos.

- e-Administración: Implantación de procedementos telemáticos entre a Xunta de Galicia e os concellos, a estimación é de 247 procedementos implantados.

Previsión 2011: 247 procedementos implantados

A medida de **promover a calidade da vivenda e da rehabilitación** é desenvolvida polo organismo autónomo de carácter comercial e financeiro Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), o obxectivo é mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas e fo-

mentar a súa calidade no máis amplo sentido, a través das seguintes liñas de acción:

1.- Impulsarase, en colaboración coas Xestures e SEA, a creación de solo produtivo ordenadamente de acordo cos plans e programas vixentes ou en elaboración no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Impulsarase, o desenvolvemento de solo residencial para a creación de solo con destino preferente a construción de vivendas protexidas, de acordo cos datos do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.

3.- Impulsarase a construción de vivenda de promoción pública rematando as vivendas xa iniciadas nos anos anteriores e iniciando novas actuacións en solos que se obterían mediante cesión dos terreos por parte dos concellos ou por solos propiedade ou adquiridos polo IGVS en aqueles concellos onde exista necesidade deste tipo de vivenda.

4.- Continuar coa reparación do parque de vivendas de promoción pública mediante accións directas e medidas de fomento con axudas ás comunidades de propietarios, permitindo así a diminución da acción directa do organismo na reparación dos grupos de vivendas pola acción de fomento garantindo a implicación dos usuarios das vivendas.

5.- Fomentar a reconstrución e rehabilitación de vivendas unifamiliares singulares e a corrección de impactos nas edificacións actuais, mantemento dos convenios acordados cos concellos de Lugo e Vigo para os compromisos xa formalizados en anos anteriores, e rehabilitación de edificios e vivendas de promoción pública en conxuntos históricos doutras cidades galegas.

6.- Axudas o alugamento no Programa Aluga, na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en aluguer, coa intervención decidida da Administración pública, mediante axudas para propietarios e inquilinos, con especial incidencia nos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social. Estímase que 165 propietarios terán subvención a través das axudas do Programa Aluga para o 2011.

7.- Desenvolvemento do Plan de Vivenda 2009-2012, así como do plan galego de vivenda para o mesmo período co obxectivo de facilitar aos cidadáns e cidadás galegos e galegas o acceso á vivenda.

8.- Manter a colaboración cos concellos para a erradicación da infravivenda e do chabolismo e mellora das condicións de vida das persoas.

9.- Así mesmo, fomentarase a rehabilitación de calidade dos conxuntos históricos e das vivendas do medio rural especialmente deprimidas.

10.- Axudas para a rehabilitación de calidade de vivendas en áreas de rehabilitación integral e de centros históricos, e de renovación urbana e núcleos rurais e costeiros ne-

cesitados de renovación integral. En total nas áreas urbanas prevese que o número de vivendas rehabilitadas será de 5.200.

11.- Facilitar o acceso á primeira vivenda de calidade a aqueles colectivos de ingresos medios e baixos e aqueloutros con especiais dificultades polas súas circunstancias persoais.

12.- Continuar coas axudas a adquirentes de vivendas de protección autonómica do Plan de Vivenda 2009-2012, incentivando a promoción de vivendas de calidade de protección autonómica con destino á venda mediante axudas ás familias adquirentes de vivendas protexidas e de vivendas usadas a promotores para uso propio, todos eles de ingresos medios e baixos, así como axudas para colectivos con especiais dificultades como son os chabolistas, os emigrantes retornados, as familias monoparentais, as persoas con discapacidade e as súas familias, os mozos de ata 35 anos, os maiores de 65 e as vítimas da violencia de xénero, terrorismo e catástrofes.

13.- Incentivos para a construción de vivendas protexidas de calidade con destino a alugueiro especialmente de xente moza e maiores de rendas limitadas.

14.- Axudas para a rehabilitación ou renovación de vivendas rurais e para o remate exterior de vivendas unifamiliares rurais. Prevese que o número de vivendas rehabilitadas no medio rural sexa de 597.

15.- Axudas para a rehabilitación ou renovación de vivendas en conxuntos históricos.

16.- Creación e mantemento das oficinas de información e apoio á rehabilitación en áreas de rehabilitación e de portelos únicos.

17.- Apoio a cursos de postgrado, masters..., para a formación dos axentes que interveñen na calidade da vivenda, do territorio e da rehabilitación do patrimonio construído.

Parte das actuacións deste obxectivo conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través do Eixe I de Desenvolvemento da Economía do Coñecemento" (I+D+i, Sociedade da Información e TIC) (categoría de gasto: 13 "Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia da saúde, administración pública, formación, inclusión, etc.)).

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER), a través dos eixes e categorías de gasto seguintes: Eixe I de Mellora da competitividade do sector agrícola e forestal (categoría de gasto: 25 "Infraestruturas relacionadas coa evolución e a adaptación"), Eixe 3 de Mellora da calidade de vida das zonas rurais (categoría de gasto: 21 "Servizos básicos para a economía e a poboación rural") e Eixe 4 Leader (categoría de gasto 13 "Calidade de vida/diversificación").

Cooperación transnacional e interrexional, INTERREG IVC, a través do Eixe 2 de Medio ambiente e prevención de riscos categoría de gasto I "Riscos naturais e tecnolóxicos (incluído o cambio climático)".

Obxectivo estratéxico OE03 - Criterio 14 Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	1.078.052
733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	6.162.808
733B INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS	9.824.135
734A FOMENTO DA MINARÍA	2.446.156

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e o Instituto Enerxético de Galicia da Consellería de Economía e Industria, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliacións Ambiental e a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/111 Diversificar as fontes de enerxía aumentando a produción e o consumo de enerxías renovables a partires dos grandes recursos naturais dispoñibles en Galicia tendo en conta o seu potencial e o estado das tecnoloxías alternativas en cada momento	6.062.808
M02/112 Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras dos procesos productivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético	9.924.135
M04/114 Desenvolver a implementación do Plan do carbón 2006-2012	2.056.156
M05/115 Implementar o Plan estratéxico en materia de seguridade e saúde	390.000
M99/116 Soporte xeral - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	1.078.052

Para a consecución deste obxectivos realizaranse actuacións a través do Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012.

No ámbito das **enerxías renovables e do aforro enerxético** levaranse a cabo as seguintes actuacións:

Estudos e traballos técnicos en materia de xeración, distribución, transporte, eficiencia e aforro da enerxía, así como no eido das enerxías renovables.

Desenvolvemento do I+D+I no ámbito das enerxías renovables e do aforro e da eficiencia enerxética a través de actividades realizadas directamente e en colaboración con institucións e empresas.

Desenvolvemento do aproveitamento da enerxía xeotérmica nos ámbitos público e privado.

Desenvolvemento de plantas de biogás en granxas gandeiras para a eliminación do purín.

Plan renove de plantas de coxeración.

Informes para a certificación enerxética de edificios.

Plan Sectorial Solar: instalación de proxectos de enerxía solar térmica de baixa temperatura, instalación de proxectos de enerxía solar fotovoltaica illada, instalacións mixtas (solar fotovoltaica e enerxía eólica e/ou enerxía minihidráulica illadas), enerxía solar fotovoltaica conectada á rede integrada arquitectonicamente. A previsión para o ano 2011 é 3.270 Kw de potencia instalada.

- Plan Sectorial Biomasa: caldeiras biomasa térmica doméstica e industrial, Instalacións para o almacenamento, manexo, tratamentos previos e sistemas de dixestión anaerobia ou por gasificación, de aproveitamento enerxético (calor/frío). A estimación é de 500 unidades de produción de biomasa instalada para o 2011.

Os beneficios que se pretenden acadar con estas actuacións son o fomento das enerxías renovables que son fundamentais para conseguir diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións. Unha maior achega das enerxías renovables permite reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles. A importancia das enerxías renovables vese reforzada, en relación con aspectos ambientais (diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera), xeración de emprego, desenvolvemento rexional, incremento da actividade económica, etc..

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese con todas estas actuacións diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera e contribuír coas boas prácticas á unha concienciación cidadá para evitar o despilfarro e diminuír o consumo enerxético.

No que respecta ás **infraestruturas enerxéticas** as actuacións a realizar son as seguintes:

- Apoiar aos concellos para o desenvolvemento de infraestruturas eléctricas que permitan o normal desenvolvemento de servizos municipais básicos.

- Soterramentos ou adecuación de trazados e instalacións eléctricas para reducir o impacto sobre a poboación, o patrimonio ou o ambiente.

- Mellorar a calidade da subministro eléctrico, a través de convenios coas empresas

distribuidoras e co Ministerio de Industria.

- Colaborar coas empresas distribuidoras de GLP para instaurar instalacións de propano nas localidades afastadas ás posibilidades de gasificación con gas natural. Estímase que se crearán ou renovarán uns 30 Km de redes de transporte de distribución de petróleo.

- Fomentar a distribución de gas natural para o desenvolvemento das infraestruturas de distribución que permitan a subministración canalizada a consumidores industriais e domésticos naquelas zonas que contén con potencial de desenvolvemento económico. Estímase que se crearán ou renovarán uns 40 Km de redes de transporte de distribución de gas.

En canto ao **fomento da minaría** este obxectivo se concreta nos seguintes aspectos:

1. A mellora da actividade económica das comarcas mineiras afectadas polo peche das explotacións de lignito, fundamentalmente Cerceda e As Pontes, e o seu desenvolvemento sostido, precisa de actuacións concretas no área das infraestruturas que sirvan de soporte para a implantación de iniciativas empresariais xeradoras de emprego e desenvolvemento socioeconómico alternativo e, para mellorar a calidade do medio urbano e natural das ditas zonas e os seus servizos. Para superar o déficit estrutural nestas zonas deben aplicarse os principios de complementariedade e adicionalidade nos termos contidos no Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e un novo modelo de desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras.

2. Por outra banda, as particularidades do sector mineiro poñen de manifesto a necesidade de investigar e desenvolver novas tecnoloxías eficaces contra riscos laborais específicos da actividade extractiva e de preparación dos produtos. Tamén se fai necesario adoptar as decisións precisas para contribuír a manter unha cultura preventiva e de seguridade na minaría, en consonancia cos obxectivos do Plan Estratéxico de Seguridade e Saúde.

3. Por último, nesta situación de crise que afectou de forma notable ao sector, resulta preciso continuar co apoio ás empresas mineiras e ás súas institucións de representación, co obxecto de contribuír a mellorar a imaxe social do sector e a súa competitividade no mercado global actual.

As liñas de actuación son as seguintes:

- Desenvolvemento das actuacións de infraestruturas consignadas no Plan do Carbón 2006-2012, mediante a sinatura dos convenios de colaboración necesarios para a súa execución.

- Desenvolvemento das actuacións consignadas no Plan Estratéxico do Control de Riscos Laborais na minaría: proxectos técnicos relativos aos axentes contaminantes nos sectores da lousa e do granito, xornadas, publicacións, etc.

- Apoio a todos aqueles proxectos que axuden a difundir a minaría como actividade sustentable, ou redunden nunha mellora da imaxe do sector extractivo galego.

- Convenio coa Asociación Galega de Áridos.

- Convenio co Clúster da Auga de Galicia, para o seu desenvolvemento.

Parte das actuacións deste obxectivo conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través do Eixe 4 de Transporte e Enerxía (categorías de gasto: 33 "Electricidade", 35 "Gas natural", 37 "Produtos petrolíferos (produtos derivados do petróleo)", 40 "Enerxías renovables: Solar", 41 "Enerxías renovables: Biomasa" e 43 "Eficacia enerxética, coxeración e xestión enerxética").

III.2.5. Eixe E5 - Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.

O reparto dos recursos, neste eixe, irán destinados case a partes iguais: un 48% ao reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia e un 52% a acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación.



Obxectivo estratéxico OE01 - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos

sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto

121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL	48.310.527
122A AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.926.769
122B FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.	3.346.570
123A ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN	615.000
124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA	11.948.214
131A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA	33.607.621
581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	4.567.125
611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA	20.208.742
612A PLANIFICACIÓN, ORZAMENTACIÓN E COORDINACIÓN ECONÓMICA	4.973.814
621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	44.890.056

Os órganos responsables de levar a cabo actuación encamiñadas a lograr este obxectivo son: a través da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, a Secretaría Xeral, a D.X. Xustiza, e a D. X. de Avaliación e Reforma Administrativa, e a Escola galega de administración pública (EGAP); da Consellería de Facenda, a Secretaría Xera e do Patrimonio, as Direccións Xerais de Tributos, de Política Financeira e Tesouro, e Planificación e Fondos e o Instituto Galego de Estatística (IGE), xunto ao; da Consellería de Traballo e Benestar, as Direccións Xerais de Relacións Laborais, e a de Formación Colocación; da Consellería de Educación a Secretaría Xeral; da Consellería de Sanidade, a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación; da Consellería do Medio Rural, a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias, e da Consellería do Mar a Dirección Xeral e Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/117 Implantación dun Plan de austeridade, que reasigne o gasto a actuacións productivas e que beneficien aos cidadáns xunto cunha execución rigorosa do orzamento	18.890.000
M02/118 Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público privadas e en	2.870.175
M04/120 Optimización do potencial dos empregados públicos coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de servizos	1.600.697
M05/121 Fomento das TIC e e-Administración, como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade e atención	8.579.481
M06/122 Reforzo da administración de Xustiza, aumentando os medios humanos e materiais, ao obxecto de mellorar a organización e axilizar os procesos e o tempo de resposta	20.102.809
M07/123 Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico	1.522.218
M09/125 Promover actuacións de carácter social destinadas aos traballadores	615.000
M10/126 Fomentar a transparencia na xestión dos recursos humanos da comunidade	196.000
M99/128 Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	123.018.058

Para o desenvolvemento da **implantación do Plan de austeridade**, que implica tanto a reasignación do gasto ás actuacións produtivas como a execución rigorosa do orzamen-

to, para beneficio de toda a cidadanía, a DX de Orzamentos levará cabo as actuacións que se relacionan a continuación de entre as que lle son propias:

Cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan Estratéxico a través do orzamento.

Análise e seguimento da execución do orzamento de ingresos de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade, incluíndo as Entidades que integran o sector público autonómico.

Seguimento da execución dos programas de gasto orzamentados e do equilibrio orzamentario, dentro dun sistema de orzamentación encamiñada a resultados. Mantemento e seguimento dos obxectivos estratéxicos e operativos de cada programa de gasto

Seguimento das medidas de austeridade e racionalización do gasto público xa incluídas no orzamento 2011.

Seguimento e soporte da execución financeira do SERGAS.

Orzamentación, seguimento e proposta de racionalización dos gastos de persoal, co obxectivo de racionalizar e optimizar os recursos existentes.

No que respecta á **implantación da eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión**, cunha especial atención aos fondos europeos, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos continuará a velar polo cumprimento da política de cohesión rexional da Unión Europea, que ten como obxectivos:

O desenvolvemento cidadán e a creación e mantemento de emprego de calidade, valorizando os recursos humanos, e promovendo a igualdade de oportunidades

A competitividade e o coñecemento como elementos de crecemento económico

A cohesión social e o equilibrio territorial, fomentando o crecemento endógeno

O respecto do medio ambiente e a preservación dos recursos naturais, permitindo un desenvolvemento sostible.

Para lograr a utilización máis eficaz e eficiente dos recursos sinálanse as liñas de acción seguintes:

Análise sobre a economía galega, e sobre a situación e impacto da crise económica, coa finalidade de presentar alternativas e propostas para reforzar a capacidade da economía galega na mellora da competitividade e do crecemento económico e a creación de

emprego de calidade, nun escenario de austeridade e control do gasto público.

Coordinación e complementariedade entre a programación dos fondos estruturais (FEDER e FSE), os fondos sectoriais (FEADER e FEP), e do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI).

Na procura da **optimización do potencial dos empregados públicos** coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de servizos á cidadanía, a Escola galega de Administración pública (EGAP) xestionará as seguintes actuacións máis destacadas:

Extensión da formación ao universo de empregados públicos de Galicia (Administración Autonómica, Local, de Xustiza transferida á Comunidade Autónoma e das universidades públicas galegas).

Programa de formación continuada (incluíndo formación en materia normativa, en xestión económica, no uso das novas tecnoloxías e a capacitación lingüística). Darase especial atención ás accións formativas descentralizadas e na modalidade de teleformación para posibilitar o seu acceso a todos os empregados públicos, e especialmente aos pertencentes ás corporacións locais.

Continuarase cos programas de capacitación para o exercicio da función directiva e predirectiva.

Organización e colaboración sobre linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

Formación de acceso aos corpos e escalas da administración autonómica que se determine, e preparación para o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter estatal.

Divulgación sobre novidades xurídicas ou temas relativos ás diversas áreas da intervención pública ou de interese para determinados sectores da sociedade

Divulgación dos contidos e documentación derivados das investigacións en materia de Administración Pública (publicacións periódicas, revista "Administración & Cidadanía", coleccións de títulos editados pola EGAP, e revista "REGAP"). Ampliación e mantemento do fondo bibliográfico e documental da biblioteca da EGAP

Investigación propia e a coa colaboración e participación doutros organismos. Convocatoria de bolsas, axudas e premios e outras medidas de fomento destinadas a favorecer a investigación, formación e innovación na Administración pública galega.

Continuación do proceso para acadar o certificado de calidade segundo o modelo europeo de excelencia en calidade (EFQM)

No eido **do fomento das TIC e da administración electrónica (e-administración)**

traballárase de forma coordinada cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, co fin de mellorar a eficiencia pública ó través da coordinación e racionalización das actividades. Entre as dependencias da Xunta de Galicia involucradas neste obxectivo se citan o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable (CIXTEC), e Secretaría Xeral da consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, levarán a cabo as seguintes medidas entre outras:

Fomento da e-administración para a gradual informatización de procesos administrativos e moi expresamente aqueles que teñan como finalidade facilitar as relacións coa cidadanía e as empresas.

Desenvolvemento de aplicacións informáticas e implantación de aplicacións que veñan a facilitar as relacións cos cidadáns e co sector empresarial. Destacan especialmente, o proxecto de implantación da Carpeta do Cidadán así como o desenvolvemento da Licitación Electrónica, os desenvolvementos relacionados co Rexistro de Contratistas, as novas funcionalidades incorporadas no Sistema Electrónico de Facturación e os módulos a desenvolver na Oficina Virtual Tributaria e de Perceptores.

Desenvolvemento que permita novas operatividades dentro dos grandes proxectos de Xestión Integrada de Tributos (XEITO), no Sistema de Información Contable (XUMCO), a integración mecanizada dos Recursos Humanos (BREIXO) e o Sistema de Información de Nómina (NOMINA).

Elaboración e aprobación dunha normativa moderna para a regulación do parque móbil da Xunta de Galicia para culminar o proceso de adaptación do seu funcionamento ás novas demandas, introducindo elementos de xestión mais modernos, en beneficio de usuarios e condutores, e conseguindo, ao mesmo tempo, unha racionalización e redución do gasto público.

Implantación progresiva dun novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán primando o sistema electrónico, creando unha auténtica rede integral de información e mellorando o funcionamento administrativo e a relación de cooperación cos concellos da Galicia a través do Portelo Único.

Inicio do segundo plan de avaliación da actividade dos organismos dependentes da Xunta.

Elaboración, no último mes de cada trimestre, dos informes de seguimento dos organismos avaliados e non extinguidos do primeiro plan de avaliación aprobado polo Consello da Xunta do 22/04/2010.

Seguimento da xestión anual das unidades administrativas da Xunta e establecemento de ratios para a reorganización de efectivos nos servizos comúns e nos centros diferenciados da Xunta.

Para a **mellora da administración de xustiza**, as actuación da Dirección e servizos xerais de xustiza establecerán as actuacións recollidas no Plan de Infraestruturas xudiciais, no referente a actuacións de mantemento, rehabilitación, ampliación e nova construción de edificios *Continuación coas obras de nova construción ou rehabilitación seguintes: Novo edificio xudicial de Ourense, Novo edificio xudicial de Santiago, Rehabilitación dos xulgados de A Coruña, Rehabilitación dos xulgados de Ferrol, Rehabilitación e ampliación dos xulgados de Carballiño

Redacción de proxectos e, de ser o caso, licitación das obras dos novos edificios xudiciais seguintes: Novo edificio xudicial de Pontevedra, Novo edificio xudicial de Vigo, Novo edificio xudicial de Tui, Edificio da antiga fábrica de tabacos da Coruña

Potenciación da Comisión Mixta coa Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Potenciación de medidas alternativas ao cumprimento de penas de prisión

Impulso das medidas dirixidas a aumentar a seguridade nos edificios xudiciais

Mantemento das axudas a corporacións locais para secretarías de xulgados de paz

Impulso da mediación intraxudicial como mecanismo de solucións de conflitos distinto ao proceso xudicial

Sostemento e impulso da Asistencia Xurídica Gratuíta

Implantación da nova oficina xudicial. No plan de implantación da nova oficina xudicial poñeranse en marcha, no 2011 as seguintes unidades: * Unidades Técnico Administrativas e Unidades de Apoio, * Servizos Comúns Xerais nas cidades, * Servizos Comúns de ámbito autonómico e provincial

A medida de **creación, organización e difusión do coñecemento estatístico** a xestiona o Instituto Galego de Estatística, a través das seguintes actividades principais:

Dirixir e coordinar as actividades estatísticas no ámbito competencial da comunidade autónoma.

Elaborar as estatísticas que se establezan no Plan galego de estatística e no Programa estatístico 2011, así como calquera outras que lle poidan encomendar ou que se establezan en virtude dos convenios con outros organismos públicos.

Promover a confección de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística pública galega.

Fomentar a investigación estatística.

Fomentar a coordinación e a cooperación en materia estatística con outros organismos estatais e internacionais

Nas medidas destinadas ao **fomento da transparencia e de medidas de carácter social destinadas aos empregados públicos**, a Dirección Xeral de Función Pública levará a cabo entre outras as seguintes actuacións :

Aprobación dunha nova lei de función pública como consecuencia das previsións contidas na Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

Desenvolvemento das aplicacións informáticas: de recursos humanos e da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas.

Estudo dos regulamentos de desenvolvemento da nova lei da función pública de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.

Desenvolvemento dos procesos do persoal laboral.

Colaboración con medios persoais e materiais nas eleccións sindicais.

Estudo e desenvolvemento dun plan de igualdade de sexo na Administración pública con medidas de conciliación da vida familiar e laboral.

Coordinación dos traballos da comisión creada pola Orde de 3 de xullo de 2009, para o estudo das vixentes asistencia técnicas, contratos de servizo, consultarías e encomendas de xestión.

A tramitación dos concursos de traslados de Administración xeral e especial.

Desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración da discapacidade na Función Pública de Galicia.

Elaboración e tramitación dos expedientes de modificación das relacións de postos de traballo

Parte das actuacións deste obxectivo conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través dos seguintes eixes e categorías de gasto: Eixe I de Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC) (categoría de gasto: 13 "Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia da saúde, administración pública, formación, inclusión, etc.)") e Eixe 7 de Asistencia Técnica e Reforzo da Capacidade Institucional (categorías de gasto: 85 "Preparación, posta en marcha, control e seguimento" e 86 "Avaliación, estudos, conferencias, publicidade").

Fondo social europeo (FSE), a través do Eixe 5 de Asistencia técnica (categorías de gasto: 85 "Preparación, implementación, seguimento e control" e 86 "Avaliación e estudos, información e comunicación").

Obxectivo estratéxico OE02 - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos seguintes Programas de gasto

111A PRESIDENCIA DA XUNTA	4.018.885
111B ACTIVIDADE LEXISLATIVA	19.645.925
111C CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO	7.570.671
111D ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	4.839.756
111E RELACIÓNS EXTERIORES	3.024.962
121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2.388.018
121C RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	260.843
131B PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	72.683.991
212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	21.582.475
331A COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	7.866.487
613A DEFENSA DA COMPETENCIA	560.146
613B ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR	6.652.298
621B IMPREVISTOS E FUNCÍONS NON CLASIFICADAS	12.600.000

Os órganos responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son: a Secretaría Xeral da Presidencia , e a Asesoría Xurídica Xeral; as unidades administrativas dependentes da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza: Secretaria Xeral, Dirección Xeral de Xustiza, Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión europea, Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, e a Academia Galega de Seguridade Pública; da Consellería de Facenda todas as unidades administrativas, e o Tribunal Galego Defensa da Competencia; da Consellería de Economía e Industria, a Dirección Xeral de Comercio , e o Instituto Galego de Consumo .

As medidas do Plan estratéxico de Galicia que se van desenvolver no ano 2011 son:

M01/129 Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia	7.212.444
M02/130 Protección civil e emerxencias, centrado na prevención de catástrofes naturais e os riscos derivados do cambio climático, que priorice a prevención, planificación, coordinación e información á poboación, establecendo mecanismos concretos de apoio	6.594.436
M03/131 Desenvolvemento das competencias da Xunta na importante materia de seguridade cidadá, en colaboración e coordinación coas restantes administracións públicas competentes	1.431.422
M04/132 Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento	8.399.115
M05/133 Impulsar a coordinación entre o Goberno galego, o Parlamento e o Estado	46.000
M07/135 Coordinación e seguimento de actuacións da Presidencia	1.472.800
M99/136 Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	138.538.240

No que atinxe á defensa dos consumidores galegos, o INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO (IGC) ten como principais actividades a desenvolver en 2011, as seguintes:

Garantir os dereitos e intereses dos consumidores e usuarios, e prestación de información, asesoramento e resolución de conflitos, a través da mediación e a arbitraje de consumo

Asesoramento, financiamento e cooperación tanto coas organizacións de consumidores como coas entidades locais.

Plan anual de formación e educación en materia de defensa do consumidor a través da Escola Galega de Consumo

Campañas informativas e de sensibilización, dirixidas aos consumidores

Promoción da mediación e o sistema arbitral de consumo, incluíndo o custo de mantemento e as indemnizacións aos árbitros

Estudos e traballos técnicos e impulso da normativa ao respecto

Actuacións en materia de seguridade dos produtos industriais postos no mercado a disposición dos consumidores e usuarios e mantemento da rede de alerta deste tipo de produtos.

A actuación do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, levará a cabo entre outras as seguintes actuacións:

Resolución de expedientes sobre condutas anticompetitivas

Estimular a actuación de oficio do SGDC, debido á existencia de prácticas ilícitas nos mercados que non son denunciadas.

Exercer un maior control sobre as axudas públicas que se concedan en Galicia.

Na área de **protección civil** as actuacións consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección dos cidadáns fronte a situación de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestión das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito coetáneo ocorren aos cidadáns da comunidade autónoma. As actuacións máis salientables son:

Mellorar a dotación dos servizos locais de protección civil mediante subvencións aos investimentos e cesións de material.

Profesionalizar a atención ás emerxencias no territorio da comunidade autónoma.

Creación de consorcios provinciais dos servizos contra incendios e de salvamento.

Reordenar os grupos municipais de intervención rápida (GRUMIR).

Renovar o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) e os plans especiais da comunidade autónoma.

Homologar e implantar os plans municipais presentados (PEMU).

Implantar a formación regrada esixida aos profesionais.

Asinar convenios con entidades públicas e privadas para a mellora da prestación dos servizos de atención ás emerxencias.

Desenvolver protocolos de actuación, baseados nas situacións de risco, para o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia.

Mellorar o sistema de atención ás emerxencias nos seus aspectos tecnolóxico, de infraestruturas e de equipamentos de servizo.

Implantar unha aplicación informática do rexistro de plans de autoprotección.

Na área de **seguridade** as medidas consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles, tendo en conta que estamos ante unha materia moi sensible e transcendente ao constituírse como un ben público que vai unido ao benestar social e a calidade de vida da sociedade galega. As actuacións máis salientables son:

Xestión e mantemento das unidades de protección civil e seguridade, e da Unidade do corpo nacional de policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

Tramitación dos convenios de colaboración en materia de seguridade, con outros

entes públicos iniciados pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Coordinación e mantemento das dotacións, equipamentos e dependencias das sedes central e periféricas da Unidade do corpo nacional de policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

Formación específica e permanente con destino aos efectivos da Unidade de policía nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Academia galega de seguridade de Galicia.

Vixilancia e control dos edificios, establecementos e dependencias da comunidade autónoma, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos, e protección dinámica ás autoridades do goberno da Xunta de Galicia.

Inspección dos traballos sometidos á ordenación e disciplina da comunidade autónoma, denunciando toda actividade ilícita, ben sexa en materia de policía xudicial ou administrativa.

No eido da **promoción da acción exterior** da Xunta de Galicia, a DX de Relacións Exteriores, leva a cabo entre outras as seguintes actuacións:

Desenvolver unha política de acción exterior propia, tendo en conta os intereses de Galicia e os diversos escenarios políticos que inciden neles.

Potenciar as delegacións da Xunta de Galicia para promocionar a imaxe da Comunidade Autónoma, defender os seus intereses e atender a colectividade galega no exterior cos mesmos dereitos e garantías que se estivese en territorio galego.

Afirmar a presenza e a imaxe de Galicia no contexto internacional, difundindo a súa realidade e especificidade no mundo.

Impulsar a participación con voz propia nos procedementos e mecanismos da política europea e na política internacional.

Colaborar nas liñas de actuación da Comunidade Autónoma no ámbito da Unión Europea para defender e impulsar os intereses de Galicia, así como aplicar esta actuación a outras áreas xeográficas nas que Galicia teña intereses.

Cooperar institucional e tecnicamente nas actuacións da Administración Autonómica, naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais de interese para a Comunidade Autónoma.

Representar a Comunidade Autónoma nos órganos de cooperación ou nas institucións que corresponda en materia comunitaria ou de acción exterior, e garantir a presenza activa de Galicia en institucións e organismos da Unión Europea e outras esferas de ac-

tuación comunitarias.

Coordinar e seguir o procedemento de axudas públicas e o procedemento de queixas comunitarias ante a Comisión Europea, a través da realización de tarefas de coordinación e interlocución entre os departamentos da Xunta de Galicia, a Administración Xeral e a Unión Europea.

Responder á incidencia que teñan nos intereses e competencias da Comunidade Autónoma as actuacións da Unión Europea.

Conciliar actuacións, definir prioridades e canalizar a información que sexan de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega, tanto no ámbito da Unión Europea como no ámbito da acción exterior en xeral.

Impulsar a cooperación con rexións de áreas xeográficas da Unión Europea así como con rexións de outras áreas xeográficas a través de estruturas de participación bilateral e multilateral. Neste ámbito é necesario destacar a especial cooperación entre a Rexión Norte de Portugal, no marco das perspectivas financeiras da Unión Europea 2007-2013.

Colaborar no proceso de internacionalización da economía e das empresas, como un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia.

Asegurar un correcto funcionamento administrativo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e da Fundación Galicia Europa.

A través deste programa os beneficios que se esperan alcanzar son os seguintes:

Dispoñer de liñas estratéxicas de actuación no eido da acción exterior da Xunta de Galicia.

Defensa e promoción dos intereses dos galegos no exterior, establecendo infraestruturas que serven de proxección dos valores de Galicia e de canle de relacións estables para os intereses comúns.

Preservar a presenza galega no mundo con identidade diferenciada e capacidade decisoria como sinal de identidade.

Impulso da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP,AECT) esta última como brazo executor da política deseñada na Comunidade de Traballo.

Incorporación de empresas, entidades e colectividade galegas con presenza no exterior no marco estratéxico galego.

A participación de Galicia no Comité das Rexións, na Comisión Arco Atlántico e

noutros comités da Unión Europea, así como en organizacións rexionais europeas; o que permite a elaboración de informes e conclusións dos asuntos tratados para a súa divulgación entre os departamentos da Xunta de Galicia que poidan estar interesados.

A representación de Galicia nos mecanismos de diálogo e colaboración existentes entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

A participación nas iniciativas comunitarias que promoven o desenvolvemento e a integración interrexional europea no período de programación actual.

Participación, xunto coas rexións implicadas, na posta en marcha e execución de proxectos de interese interrexional e outras iniciativas que responden a actuacións sectoriais, a estratexias de desenvolvemento atlántico e a formulación de solucións á problemática das rexións transfronteirizas.

Participación en xuntanzas e asembleas de institucións e organizacións do exterior en xeral, así como organización de foros, encontros, xornadas ou conferencias dirixidas a dinamización dos obxectivos da dirección xeral.

Participación da Xunta de Galicia na fundación Galicia Europa como membro do seu Padroado, así como coordinando e dirixindo as súas actividades.

Obxectivo estratéxico: Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento

Obxectivo operativo: Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da presenza de Galicia na Unión Europea.

No eido da **cooperación exterior e ao desenvolvemento**, as actuacións son:

Desenvolver o II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013.

Fomentar a cooperación a prol dos países en vías de desenvolvemento, maximizando o efecto da axuda sobre a poboación directamente afectada.

Planificar as estratexias de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria da Xunta de Galicia, detallando a especial incidencia por sectores e países co fin de garantir o maior grao de eficiencia da cooperación.

Incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria, fomentando a concienciación da sociedade e a tolerancia dos valores culturais dos países en vías de desenvolvemento.

Promover a formación e a capacitación en materia de cooperación internacional e acción humanitaria tanto teórica como práctica.

Fomentar a coordinación e o traballo conxunto de Galicia coa Axencia Española de Cooperación Internacional e a súa oficina de acción humanitaria, así como outras axencias multilaterais de cooperación ao desenvolvemento.

Fortalecer os diferentes actores da cooperación galega para o desenvolvemento, facendo especial fincapé nas ONGD, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, as Comunidades Galegas no Exterior e as universidades galegas.

Seguimento e avaliación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e de proxectos de axuda humanitaria e de emerxencia.

Implantación e difusión do Comercio Xusto a través de tendas de ONGD e da iniciativa privada.

Parte das actuacións deste obxectivo conteñen o seguinte financiamento comunitario:

Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER), en concreto a través do Eixe 3 de Medio Ambiente, Contorno Natural, Recursos Hídricos e Prevención de Riscos (categoría de gasto: 53 "Prevención de riscos (incluídas a elaboración e posta en marcha de plans e accións para prever e administrar os riscos naturais e tecnolóxicos)").

Fondo social europeo (FSE), a través do Eixe 3 de Aumento e mellora do capital humano (categoría de gasto 72 "Proxección, introdución e aplicación de reformas nos sistemas de ensino e formación para desenvolver a empregabilidade, mellorando a adecuación ao mercado laboral, do ensino e a formación iniciais e profesionais e actualizando os coñecementos do persoal docente de cara á innovación e á economía do coñecemento").

